

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE FEBREIRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se aproba o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Coristanco (A Coruña).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Carballo, de dous treitos da estrada de titularidade autonómica AC-414, xunto co seu dominio público viario (DPV).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ponte Caldelas, de dous treitos antigos da estrada PO-532, no lugar da Reigosa, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada para o proxecto de actualización e mellora funcional do Balneario de Cortegada no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, por importe total de seiscentos corenta e nove mil seiscentos un euros con oitenta e nove céntimos (649.601,89€).
- Acordo polo que se autoriza o exercicio das accións xudiciais e demais actuacións que en dereito procedan e, en concreto, a interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do 9 de febreiro de 2026, ditada polo Secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sustentable, pola que desestima o requirimento previo formulado pola Xunta de Galicia para o acceso á resposta enviada pola Administración Xeral do Estado á Comisión Europea en relación co ditame motivado sobre o cumprimento da normativa comunitaria no contrato concesional da AP-9.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que toma razón da Guía para o tratamento informativo da violencia sexual.
- Acordo polo que se toma razón da evolución da utilización das tarifas gratuítas Xente Nova e Tarifa +65 no ano 2025.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado da senda na vía de servizo anexa á PO-548. Valga, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de cento sesenta e sete mil noventa e un euros cun céntimo (167.091,01€).
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos de carácter plurianual, a superación das porcentaxes nos pagamentos á conta e anticipados e a autorización da exención ás persoas xurídicas da obriga de constitución de garantía derivados da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Fogar Vivo, se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para o alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa para o ano 2026, con financiamento plurianual, cun importe de dous millóns setecentos noventa e dous mil cincocentos setenta e seis euros (2.792.576,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a licitación dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, dun edificio de vivendas de promoción pública (VPP) na parcela 1 do sector de solo urbanizable SUR-PPR-5, concello do Porriño (Pontevedra), cun orzamento de licitación, IVE excluído, de oito millóns cento vinte e dous mil noventa e catro euros con quince céntimos (8.122.094,15 €).
- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Vigo (SUB 405 Ofimático).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se convoca o Programa de avais para a adquisición de vivenda para a anualidade 2026 e se dá publicidade ao convenio que se asinará entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades financeiras para a súa concesión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ribadavia, para a execución das obras de embelecemento do núcleo rural de Ventosela, por un importe de catrocentos sesenta e oito mil catrocentos setenta euros con noventa e dous céntimos (468.470,92 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración, mediante contrato baseado no acordo marco (MA-SER1-23-052), de implantes de marcapasos e desfibriladores con destino á Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por un importe de sete millóns novecientos un mil seiscientos noventa euros con oitenta e nove céntimos (7.901.690,89€) IVE incluído, e un valor estimado de vinte e dous millóns novecientos oitenta e seis mil setecentos trinta e sete euros con doce céntimos, sen IVE (22.986.737,12€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado, da subministración sucesiva da vacina nonavalente fronte ao virus do papiloma humano (VPH), por un importe total de licitación de tres millóns setecentos noventa e catro mil setecentos euros, con IVE (3.794.700,00 €) e un valor estimado de catro millóns trescentos setenta e oito mil cincocentos euros, sen IVE (4.378.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo Galego Saúde, do contrato baseado no acordo marco (MA-SER4-23-005) para a prestación de servizos de hemodiálise en centros hospitalarios e da hemodiálise domiciliaria na Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés, por un orzamento base de licitación de oito millóns sesenta e oito mil trescentos cincuenta e sete euros con corenta e catro céntimos (8.068.357,44 €), e un valor estimado de nove millóns seiscientos oitenta e dous mil vinte e oito euros con noventa e tres céntimos (9.682.028,93 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia.
- Acordo polo que se crea e cualifica o Museo do Real Club Deportivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de formación-emprego Talento Mozo para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027, por un importe total de seis millóns seiscentos catorce mil cincocentos euros (6.614.500,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.l.dous e a eximir as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías, así como a obriga de constituír garantía por importe inferior ao previsto no artigo 67.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2026, por un importe de cincuenta e tres millóns de euros (53.000.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o estado actual de execución e previsión de remate da saída sur ferroviaria de Vigo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre os investimentos para planificar, previr e actuar nos ríos de Galicia para protexer as persoas e o territorio.
- Informe relativo á consulta pública previa do anteproxecto de Decreto polo que se aproba a creación do Rexistro galego de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a creación da rede de concellos contra o acoso escolar.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a obra no edificio A Gota de Leite en Vigo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre os incidentes producidos na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) a causa dos sucesivos episodios recentes de borrascas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre investimento en equipamento para atención primaria.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a publicación das axudas concedidas para investimentos no sector do viño e para a promoción de viño en terceiros países, das convocatorias de 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Plataforma tecnolóxica da pesca 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA CREACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL NA LOCALIDADE CORUÑESA DE CORISTANCO E INICIA OS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS

- O Goberno galego dá luz verde á aprobación definitiva do plan de ordenación (PEOSE), que permite poñer en marcha o proceso para a adquisición dos terreos co obxectivo de licitar as obras o vindeiro ano 2027
- O proxecto promovido por Xestión do Solo de Galicia (Xestur) prevé unha superficie de máis de 170.000 metros cadrados e un investimento global de 12,5 millóns de euros

O Consello da Xunta acordou na súa sesión semanal celebrada hoxe a aprobación definitiva do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE) do futuro parque empresarial de Coristanco, que permitirá dotar este concello da comarca coruñesa de Bergantiños de 173.153 metros cadrados de solo industrial. Para iso, o Goberno galego ten previsto investir máis de 12,5 millóns de euros.


A medida aprobada hoxe vaille permitir á Administración autonómica iniciar o procedemento para levar a cabo a expropiación dos terreos ao longo deste ano 2026 e principios de 2027. Ademais, en paralelo, Xestión do Solo de Galicia (Xestur) xa licitou o contrato de redacción do proxecto de urbanización (PDU) das obras, coa previsión de poder licitalas no último semestre do ano 2027.

A creación do parque empresarial de Coristanco, previsto no plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG), enmárcase na estratexia do Goberno galego de crear un tecido empresarial forte e competitivo, dotándoo de máis solo industrial e con base nun modelo de desenvolvemento ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente, que atraia investimentos, favoreza a creación de emprego e garanta o equilibrio territorial.


Deste xeito, a Xunta de Galicia traballa para acelerar a dotación de solo empresarial neste concello e no conxunto da comarca de Bergantiños para atender as necesidades e demandas do tecido empresarial. Deste xeito, aos 173.153 metros cadrados de Coristanco hai que sumar a ampliación do parque empresarial de Bértoa (Carballo), que sumará 629.587 m² e o parque empresarial de Cabana de Bergantiños, que conta cunha superficie de 267.216 m². No conxunto da provincia da Coruña, o Goberno galego está a tramitar preto de 2 millóns de metros cadrados de solo empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Situación do novo parque empresarial de Coristanco



Zonificación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE CARBALLO, DE DOUS TREITOS DA ESTRADA AC-414, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

- Trátase do treito da AC-414 Carballo (AG-55)-límite do concello (AC-418): Carballo (AG-55) - Xoane (AC-418): do quilómetro 0+420 a 2+640 e o do treito de Cances Grande (AC-418) - límite do Concello (AC-418) do punto 3+240 ao 5+770
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a transferencia, a prol do Concello de Carballo, de dous treitos da estrada de titularidade autonómica AC-414, xunto co seu dominio público viario.

O acordo dá cumprimento ao convenio asinado entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e o Concello de Carballo, en que se recolle o compromiso da Administración local de asumir a titularidade dos seguintes treitos da estrada autonómica AC-414 Carballo (AG-55)-límite do concello (AC-418): Carballo (AG-55) - Xoane (AC-418): do punto quilométrico 0+420 a 2+640 e o de Cances Grande (AC-418) - límite do Concello (AC-418): do punto quilométrico 3+240 a 5+770.

A estrada convencional AC-414, con categoría funcional de rede local, discorre polo termo municipal de Carballo, atravesando solo clasificado como solo rústico, solo urbanizable e solo de núcleo rural. Os treitos susceptibles de transferencia sitúanse entre os quilómetros 0+420 e 2+640 e entre os quilómetros 3+240 e 5+770, comprendendo practicamente a totalidade da vía, agás o treito situado entre as glorietas do enlace coa AG-55 (puntos quilométricos 0+000 a 0+420).

Coa formalización desta transferencia, os treitos da AC-414 que permanezan baixo titularidade autonómica, de reducida lonxitude, quedarían vinculados á AG-55 (enlace de Carballo norte) ou ás interseccións en "T" coa AC-418.

Por outro lado, a estrada AC-418 constitúe a alternativa viaria que ofrece un nivel de servizo superior ao uso dos treitos do antigo trazado da AC-414, evitando así o paso polos núcleos de poboación de Cances, Grande e Xoane da Estrada.


A transferencia destas vías a prol do Concello de Carballo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Carballo terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e do seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DE DOUS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PO-532, NO LUGAR DA REIGOSA

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a cambio de titularidade, a prol do Concello de Ponte Caldelas, de dous treitos antigos da estrada PO-532, no lugar da Reigosa, xunto co seu dominio público viario.

Trátase dos treitos antigos da PO-532 (A Reigosa), un primeiro de 176 metros, con inicio na intersección coa EP-0004 e final no punto quilométrico 6+520, situado na marxe dereita da PO-532, e do treito antigo de 194 metros, con inicio no punto quilométrico 6+600, da marxe esquerda da PO-532 e final no punto quilométrico 6+750.


A transferencia destas vías a prol do Concello de Ponte Caldelas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Ponte Caldelas terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas, e asume a responsabilidade da súa conservación e do seu mantemento.

O Decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[A actuación achégase aos 650.000 euros, que serán sufragados por Turismo de Galicia](#)

O CONSELLO DA XUNTA REDUNDA NA SÚA APOSTA POLO TURISMO TERMAL COA REHABILITACIÓN DO BALNEARIO DE CORTEGADA

Subscribirase un novo convenio entre Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada, a través do cal se emprenderán obras de actualización e mellora das instalacións

O Consello da Xunta vén de aprobar a sinatura dun novo convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada, que mellorará a oferta de turismo termal da comunidade. En concreto, este acordo permitirá rehabilitar o Balneario de Cortegada, nunha actuación orzada en 649.601,89€.

O convenio subscribirase entre Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada e recolle o proxecto de actualización e mellora funcional do balneario. Para isto realizarase unha serie de operacións destinadas á redistribución parcial de espazos interiores na planta baixa e zona de piscinas, así como á reparación de acabamentos e mantemento xeral, a actualización das instalacións e melloras enerxéticas.

En concreto, está previsto que se volvan impermeabilizar as tres piscinas existentes na zona colectiva, ás que se lles cambiará o acabado, sumando unha nova canalización separada do desaugadoiro. A parte de circuíto termal que se situaba na planta baixa trasladarase ao nivel das piscinas, cunha zona de duchas e outra de saunas. A zona de ximnasio existente trasladarase tamén á planta baixa.

O convenio entre Turismo e o Concello de Cortegada recolle tamén un espazo complementario interior ás termas exteriores que se están a construír. Este espazo constará dunha área de repouso, duchas previas ao baño e unha terma interior. Ademais, redimensionarase a zona dos vestiarios para dar resposta ao incremento previsto de capacidade. O proxecto complétase cunha nova zona de cafetaría.

O importe total do convenio ascende a 649.601,89€, que asumirá por completo Turismo de Galicia, con cargo aos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia 2026.

Oferta termal

O Balneario de Cortegada está catalogado como ben de interese cultural. A súa orixe remóntase ao século XIX, cando se construíran unhas casetas de madeira desmontables na ribeira do Miño. En 1937 inaugurouse o antigo balneario, situado ao bordo do encoro, o que substituíu a actual infraestrutura balnearia, que leva operando desde o ano 2015.

O turismo termal e de benestar constitúe un dos eixos de traballo da Xunta de Galicia, grazas ao patrimonio da comunidade neste sentido, con sete das oito principais augas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

minero-medicinais e unha vintena de centros deste tipo -un de cada cinco establecementos termais de España está en Galicia-, que suman arredor de 3.000 prazas de aloxamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACUDIRÁ Á VÍA XUDICIAL PARA OBTENIR A RESPONSA DO GOBERNO CENTRAL SOBRE O DICTAMEN EUROPEO DAS PRÓRROGAS DA AP-9

- Dáse luz verde á interposición dun recurso contencioso-administrativo contra o Ministerio de Transportes, ante a negativa expresa a facilitar a resposta enviada a Europa sobre este dictamen
- O Goberno galego reitera os beneficios do rescate e a eliminación das peaxes, redundando no cálculo de custos, na seguridade viaria no transvasamento de tráfico cara á AP-9 e, consecuentemente, de aforro de tempo e de competitividade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a interposición dun recurso contencioso-administrativo co obxectivo de obter a información remitida polo Goberno de España á Comisión Europea en relación co dictamen sobre as prórrogas da concesión da AP-9.

A decisión prodúcese despois de que o Executivo autonómico recibise a resolución denegatoria do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentable respecto do requirimento efectuado pola Xunta o pasado mes de xaneiro para que se facilitase a documentación, tras tres meses sen resposta desde a solicitude formulada para eses efectos.

A comezos deste mesmo mes de febreiro deuse conta no Consello da Xunta do informe relativo ao citado requirimento formulado ao Goberno estatal para coñecer a resposta remitida polo Ministerio á Comisión Europea en relación co dictamen motivado, polo que esta solicitaba a España que se respectasen as normas comunitarias en materia de contratación, referíndose en particular á prórroga da concesión da AP-9. Nese informe advertíase expresamente de que, de non obter contestación no prazo dun mes, a Xunta emprendería accións xudiciais.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas solicitara a finais de setembro de 2025 o acceso á información trasladada polo Estado a Bruxelas no marco do citado dictamen. Transcorrido o prazo legal sen resposta, e efectuado o requirimento previo á vía xudicial, o Goberno central respondeu a este negativamente.

O Executivo galego subliña a enorme transcendencia deste asunto, tendo en conta que a Comisión Europea advertiu da posibilidade de levar España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea se non adopta as medidas oportunas. Por iso, a Xunta considera imprescindible coñecer con detalle a posición defendida polo Estado nunha cuestión que afecta directamente os intereses de Galicia.

Non é a primeira vez que o Goberno central se nega ás peticións reiteradas da Comunidade en relación coa AP-9. Desde o inicio da lexislatura, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas dirixiuse en múltiples ocasións ao Ministerio competente para abordar cuestións vinculadas á xestión da autoestrada e trasladoulle

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén os acordos parlamentarios unánimes do Parlamento de Galicia reclamando a gratuidade das peaxes e o rescate da concesión.

O Goberno galego insiste en que a solución na AP-9 pasa polo rescate e a transferencia da xestión da autoestrada. A Xunta elaborou os cálculos sobre o custo do rescate en relación coa permanencia da prórroga ata 2048, que plasmou nun estudo en 2024 que estimaba inicialmente a cifra en 2.331 M€, equiparables ao que suporía atender a política de bonificacións desenvolvida polo Goberno estatal ata esa data. Esta cifra foi actualizada en agosto de 2025, elevándose ata os 2.356M€, unha nova estimación en que destaca o incremento en 65M€ do lucro cesante da concesionaria, como consecuencia do aumento dos seus beneficios.

Coa interposición deste recurso contencioso-administrativo, o Executivo autonómico reafirma o seu compromiso coa defensa da transparencia, da legalidade e dos intereses de Galicia nunha infraestrutura fundamental para a mobilidade, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico da comunidade.

O Goberno galego lembra tamén que mentres noutras zonas do Estado se está a proceder á reversión de autoestradas de peaxe, en Galicia continúa prorrogando unha concesión que considera lesiva para o interese xeral, debido á suba continuada das peaxes e ao enriquecemento progresivo da concesionaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EDITA A GUÍA PARA O TRATAMENTO INFORMATIVO DA VIOLENCIA SEXUAL PARA FACILITAR A COMUNICACIÓN DESTES DELITOS E GARANTIR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DAS PERSOAS IMPLICADAS

- O Consello da Xunta tomou razón da publicación, que nace como unha ferramenta útil de consulta para os profesionais do xornalismo, con información sobre o proceso xudicial, fontes e recursos ou normativa, entre outra
- Na elaboración participou persoal das oficinas de Asistencia ás Vítimas, o Gabinete de Prensa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Gabinete de Prensa da Fiscalía Superior de Galicia, o Colexio de Xornalistas de Galicia, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e da Dirección Xeral de Xustiza

O Consello da Xunta de Galicia tomou razón hoxe da *Guía para o tratamento informativo da violencia sexual*, editada polo Goberno galego como unha ferramenta útil de consulta para as persoas profesionais do xornalismo e da comunicación que se atopen na circunstancia de informar sobre as múltiples manifestacións da violencia sexual, tendo en conta tanto as súas causas como as consecuencias que implican na sociedade actual.

O obxectivo é facilitarlles aos medios de comunicación o labor de informar, sensibilizar e concienciar ante a violencia sexual ao tempo que se garante o respecto aos dereitos fundamentais das persoas implicadas nestes delitos, especialmente á honra, á intimidade, á propia imaxe e á protección da mocidade e da infancia.

A iniciativa responde á preocupación trasladada ao persoal das oficinas de Asistencia ás Vítimas de Galicia por parte de vítimas e de familiares de vítimas menores de idade pola revitimización e dificultade de reparación psicolóxica que pode provocar o tratamento informativo de feitos contra a liberdade e integridade sexual. A elaboración desenvolveuse no marco dun grupo de traballo conformado polo persoal das sete oficinas de Asistencia ás Vítimas, o Gabinete de Prensa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Gabinete de Prensa da Fiscalía Superior de Galicia, o Colexio de Xornalistas de Galicia, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e da Dirección Xeral de Xustiza.

A guía organízase en cinco grandes partes. Así, ademais dunha introdución xeral, aborda a publicidade do proceso xudicial, especificando as posibilidades e os límites no acceso ás diferentes fases; as boas prácticas no tratamento informativo da violencia sexual, que incide na escolla das fontes e nos recursos dispoñibles; referencias legais, coa normativa aplicable; e fontes expertas, cunha listaxe de persoas e institucións a que acudir para obter información.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS MENORES DE 21 ANOS E OS MAIORES DE 65 BENEFICIÁRONSE DE MÁIS DE 11,2 MILLÓNS DE VIAXES GRATUÍTAS EN 2025 GRAZAS Á TARXETA XENTE NOVA E Á TARIFA +65

- Máis de 14.400 persoas usuarias da tarxeta Xente Nova activaron a versión virtual do dispositivo a través do servizo QR Xente Nova, co que viaxan empregando o móbil
- Case 270.000 usuarios teñen as tarifas gratuítas activas nas súas tarxetas, tras rexistrar 48.000 altas novas en 2025 e un investimento para compensar a súa aplicación que superou os 19M€
- O número de persoas beneficiarias ao remate de 2025 foi un 13% superior ao ano anterior

O Consello da Xunta abordou hoxe os resultados dun informe sobre a evolución do uso da tarxeta Xente Nova e da tarifa gratuíta +65 durante o ano 2025. O balance constata o impacto positivo destas medidas de fomento do transporte público na mobilidade da mocidade e das persoas maiores en Galicia, mediante as cales as persoas usuarias realizaron máis de 11,2 millóns de viaxes gratuítas.

Ambas as medidas permiten ás persoas beneficiarias acceder a ata 60 viaxes gratuítas ao mes nas concesións de autobús de competencia da Xunta, así como nos autobuses urbanos integrados nas áreas de transporte metropolitano cando se empreguen como parte dunha viaxe interurbana, no transporte marítimo da ría de Vigo e nos servizos ferroviarios metropolitanos da área de Ferrol.

O balance avaliado hoxe constata o impacto da gratuidade do transporte público para ambos os colectivos ata finais de 2025, cando preto de 270.000 usuarios tiñan activa a súa tarxeta Xente Nova ou a tarifa +65, un 13% máis que ao remate de 2024. Desde o comezo do ano, rexistráronse case 48.000 altas novas e un investimento das administracións que supuxo un aforro para os usuarios de máis de 19 millóns de euros entre xaneiro e decembro.

No que se refire aos datos de cada unha das iniciativas, a tarxeta Xente Nova sumou máis de 24.000 altas novas entre xaneiro e decembro, co que a medida chegou xa a 213.000 usuarios desde a súa implantación, dos cales case 132.000 usuarios tiñan a súa tarxeta activa (un 4,5% máis que o ano anterior). Entre os usuarios da tarxeta Xente Nova, en 2025 máis de 14.400 activaron a versión virtual da súa tarxeta a través do servizo QR Xente Nova, co que as viaxes se validan no autobús mediante un código QR no móbil, sen necesidade de ter saldo e sen recargas. A Xunta ofrece esta opción ás persoas menores de 21 anos que utilizan os contratos de transporte regular de uso xeral. Para acceder ao servizo QR Xente Nova é necesario dispoñer dunha tarxeta Xente Nova física.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Case 24.000 novas altas na tarifa +65

En canto á tarifa +65, posta en marcha a comezos de 2024, sumou desde o inicio do ano case 24.000 altas novas, polo que o total de tarxetas emitidas supera as 172.000 e máis de 137.000 usuarios contaban a finais de decembro con esta tarifa activa na súa tarxeta (un 22% máis que o ano anterior).

O informe tamén salienta a evolución das viaxes gratuítas realizadas. As persoas da tarxeta Xente Nova realizaron o ano pasado 7,4 millóns de viaxes, 637.000 máis que en 2024 e unha media que supera as 622.000 viaxes ao mes. Así, a cifra sitúase un 9% por riba da do ano anterior e marca un novo máximo anual.

Sobre a evolución da demanda, o informe recolle tamén que as persoas maiores de 65 anos realizaron en 2025 máis de 3,7 millóns de viaxes gratuítas, un 19% máis con respecto a 2024 e unha media mensual de máis de 312.000 viaxes. As cifras superan as rexistradas o ano anterior, que foi o primeiro ano de funcionamento da medida, e no cal a tarifa +65 alcanzou os 3,1 millóns de viaxes.

Investimento superior aos 13M€ en 2025

Durante o 2025, o investimento das administracións para compensar os custos destas viaxes ascende a 13,1 millóns de euros para os menores de 21 anos, un 9% máis que o ano anterior, e a máis de 5,9 millóns de euros para a bonificación das viaxes coa tarifa +65, cun incremento de case un 23% con respecto a 2024.

O balance tamén recolle o impacto de ambas as iniciativas desde a posta en marcha de cada unha. Así, desde 2016, os usuarios da tarxeta Xente Nova realizaron máis de 36,1 millóns de viaxes gratuítas, cun investimento total que ascende a 54,5 millóns de euros. Pola súa banda, desde xaneiro de 2024, os maiores de 65 anos realizaron máis de 6,8 millóns de viaxes coa tarifa +65, cunha achega de máis de 10,7 millóns de euros para aplicar a gratuidade.

Ambas as iniciativas enmárcanse no compromiso da Xunta co fomento do transporte público. Estas medidas, sumadas aos avances na modernización do servizo, non só melloran a accesibilidade e a calidade de vida dos colectivos beneficiarios, senón que tamén fomentan unha mobilidade sustentable e reducen os custos económicos das familias galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO PARA EXECUTAR A SENDA NA VÍA DE SERVIZO ANEXA Á ESTRADA AUTONÓMICA PO-548, EN VALGA

- Esta actuación de mellora da mobilidade e da seguridade viaria e da mobilidade suporá un investimento que rolda os 176.000 euros
- O obxectivo da Xunta é aprobar o proxecto construtivo no primeiro semestre do 2026 e licitar as obras para poder comezalas no segundo semestre
- Ampliarase a plataforma viaria na vía de servizo anexa á PO-548, na súa marxe dereita, aumentando a calzada actual ata os 6 m, e executarase unha senda anexa que permita a conexión coa igrexa de Santa Comba de Cordeiro de Valga
- Manterase a accesibilidade ás parcelas privadas, mediante un pequeno camiño de servizo de 3 m de largo adxunto pola dereita da senda e pegado ao terreo

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para executar unha senda na vía de servizo anexa á estrada autonómica PO-548, no concello pontevedrés de Valga.

Tratase dunha intervención de mellora da mobilidade e da seguridade viaria, cun orzamento de licitación das obras de algo máis de 167.000 euros para executar as obras no treito anexo á vía autonómica, situado entre os puntos quilométricos 4+170 e 4+285.

En total, esta senda acadará unha lonxitude aproximada de 120 metros, e non se prevé unha intervención sobre o trazado, senón unha redistribución das seccións para habilitar itinerarios seguros. A actuación pretende a mellora dos anchos da vía de servizo, a execución dunha zona peonil e dun camiño de acceso ás leiras que non interfira coa vía de servizo nin coa senda. Todo isto coa finalidade de acadar unha mellora na seguridade peonil e evitar conflitos coa circulación dos vehículos.

A Xunta está a traballar na redacción do proxecto construtivo para poder aprobalo no primeiro semestre de 2026 e licitar as obras para poder comezalas no segundo semestre. O prazo de execución das obras é de 6 meses.

A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar esta intervención.

Características da actuación

O proxecto aprobado hoxe polo Executivo autonómico prevé á ampliación da plataforma viaria na vía de servizo anexa a PO-548, na súa marxe dereita, aumentando a calzada actual ata os 6 metros de largo, co que se pretende garantir o cruzamento dos vehículos en condicións máis axeitadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Proponse executar, tamén, unha senda anexa de formigón coloreado de 2 metros sen franxa vexetal, que garanta a accesibilidade peonil en condicións de seguridade na contorna, permitindo a conexión coa igrexa de Santa Comba de Cordeiro de Valga.

Así mesmo, a intervención prevé manter a accesibilidade ás parcelas privadas existentes, mediante un pequeno camiño de servizo de 3 metros de largo anexo pola dereita da senda e pegado ao terreo.

Tamén se levarán a cabo actuacións na drenaxe da vía de servizo, xa que se prevé a modificación da rede existente de pluviais mediante a incorporación de novos elementos.

O Goberno galego segue a traballar en actuacións que melloran e favorecen nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura.

PLANO DE SITUACIÓN



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRIPLICA OS FONDOS DO PROGRAMA FOGAR VIVO, DESTINADO A MOBILIZAR VIVENDAS PARA ALUGUEIRO A PREZO REGULADO

- A convocatoria de 2026 dispón dun orzamento de 2.792.576 euros, contía que case triplica a da primeira convocatoria, en 2025, que tivo unha dotación de 1.019.760 euros.
- Os propietarios das vivendas adheridas ao programa poderán recibir ata 16.000 euros de axuda para a mellora ou adecuación das vivendas e o pagamento dos seguros de impagamento e multirrisco do fogar
- O programa estará vixente ata o 31 de decembro de 2028
- Na convocatoria de 2025 concedéronse 239 axudas por un importe total de 1.251.018,82 euros

A Xunta destina en 2026 un total de 2.792.576 euros ao programa Fogar Vivo, que ten como finalidade mobilizar o maior número de vivendas baleiras para o mercado residencial sempre cun prezo de alugueiro mensual accesible. O importe da convocatoria para 2026 case triplica o do ano anterior, en que o programa estivo dotado con 1.019.760 euros.

A contía máxima das subvencións será de ata 16.000 euros por vivenda, dos que 11.000 irán destinados á rehabilitación e mellora da vivenda, incluíndo como novidade os gastos para renovar electrodomésticos como a lavadora, o lavalouza, o forno, a neveira, a campá extractora, a cociña e os sanitarios. Outros 2.000 euros serán de axuda adicional para obras cando os inquilinos da vivenda non superen os 36 anos de idade, persoas, familias con fillos menores a cargo ou unidades familiares con persoas dependentes. Finalmente, 3.000 euros irán destinados a sufragar os seguros de impagamentos e de danos no fogar durante os cinco primeiros anos do contrato (sete anos no caso de que os propietarios das vivendas sexan persoa xurídicas)

Con carácter xeral, poden acollerse ás axudas de mellora ou rehabilitación de vivendas desta convocatoria as obras que se realizasen desde o 1 de xaneiro de 2026.

A Xunta poderá realizar pagamentos anticipados, ata nun 80%, e o 20% restante aboaríase coa xustificación final da obra. O obxectivo é que o propietario poida dispor de maior flexibilidade para a realización das actuacións.

Requisitos de acceso

As vivendas dos propietarios que queiran solicitar as achegas do programa Fogar Vivo non poden ter sido arrendadas nos tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude. Ademais, deberán destinarse ao alugamento accesible, cando menos, durante cinco anos ou sete anos no caso de persoas xurídicas. O prezo non poderá superar os límites establecidos na convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prazos

O prazo de solicitudes desta primeira convocatoria comezará despois da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 30 de outubro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A CONSTRUCCIÓN DUN INMOBLE DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA, CON TÉCNICAS INDUSTRIALIZADAS, NO PORRIÑO

- O proxecto determinará o número total de vivendas, que podería roldar as 36
- Construiranse nunha parcela cedida polo concello
- O prego de bases establece a obrigatoriedade do emprego de técnicas industrializadas

A Xunta de Galicia construírá vivendas de promoción pública no Porriño, nunha parcela de 1.222 metros cadrados de superficie cedida para tal fin polo Concello. O número de vivendas que se van construír determinarase no proxecto, pero calcúlase que poderían ser arredor de 36.

As vivendas incluírán o emprego de técnicas industrializadas e o prego de bases establecerá que non se terán en conta as propostas que non acaden unha puntuación mínima nesta materia.

Con tal fin, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia licitará o contrato unha vez autorizado polo Consello da Xunta de hoxe. A licitación realizarase polo procedemento de proxecto e obra, polo que o contrato incluírá a redacción do proxecto, a execución da obra de construción e a dirección desta. O importe de licitación será de 8.122.094,15 euros.

A empresa adxudicataria disporá dun prazo de tres meses para a redacción do proxecto básico e dous máis para o de execución, prevéndose o remate das obras para o ano 2028.

Esta iniciativa está incluída no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, acadando as 8.000 unidades nese prazo. Para iso, en 2026 licitaranse as obras de preto de 2.700 vivendas, por case 500 millóns de euros, que se unirán ás que xa están en construción; as primeiras entregadas aos adxudicatarios están previstas este mesmo ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESENVOLVERÁ SOLO RESIDENCIAL NA ZONA DO OFIMÁTICO EN VIGO QUE PERMITIRÁ CONSTRUIR 2.000 NOVAS VIVENDAS PROTEXIDAS

- Destaca que o Consello aprobou o proxecto de interese autonómico para habilitar solo neste ámbito
- Salienta que se enmarca na Estratexia de Solo Residencial que busca que promotores e cooperativistas “constrúan 20.000 vivendas protexidas e 5.000 de prezo libre”
- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas afirma que será “un novo barrio que estará ben comunicado, con servizos, zonas verdes e de lecer”
- A Xunta investirá 22 M€ na urbanización deste ámbito

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) “para habilitar solo residencial na zona do Ofimático de Vigo e construír 2.000 vivendas protexidas”. Trátase do segundo PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial, tras o de o barrio Sagrado Corazón de Lugo.

Unha medida que se enmarca na Estratexia de Solo Residencial do Goberno autonómico que, segundo resaltou o presidente, “busca habilitar terreos para que promotores e cooperativistas constrúan 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 de prezo libre”. “Avanzamos sen descanso no obxectivo de facilitar o acceso á vivenda”, indicou a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue.

En concreto, o Consello aprobou hoxe desenvolver solo no ámbito do SUB 405 Ofimático, en Vigo. Trátase de 21 hectáreas situadas no extremo suroeste da parroquia de Santa Cristina de Lavadores, localizada na zona nordeste do centro da cidade, conformando unha das áreas de expansión da cidade cara ao sur.

A proposta de ordenación prevé un número aproximado de 2.000 vivendas (que ocuparán arredor de 42.000 m² de superficie. “Un novo barrio para a cidade ben comunicado, con servizos, zonas verdes e de lecer”, indicou Allegue. A Xunta investirá 22 millóns de euros na urbanización deste ámbito.

As vivendas protexidas integraranse en bloques residenciais abertos e pechados con alturas gradadas entre 7 e 4 plantas, agás un número moi reducido de bloques con B+12. Con carácter complementario, contarase con usos terciarios (comerciais) e unha residencia xuvenil na zona central do ámbito.

O proxecto contempla a reserva de prazas de aparcamento, os espazos cualificados como sistema xeral de espazos libres e de equipamento comunitario, a plantación ou conservación de arboredo e equipamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estratexia galega de solo residencial

No marco da Estratexia galega de solo residencial, Rueda resaltou que "o Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos: Vigo (2), Coruña, Santiago, Arteixo, Ourense, Pontevedra, Lugo, Porriño, Marín, Ribadeo e Vilagarcía".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVALARÁ PRÉSTAMOS HIPOTECARIOS ATA 5 M€ PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDAS

- É o cuarto ano no que se realiza esta convocatoria, destinada a menores de 36 anos e, no caso de adquisición de vivenda protexida, a todos os adquirentes, sen límite de idade
- Dende 2023 a Xunta concedeu 219 avais para un total de máis de catro millóns de euros
- A Xunta avala o 20 por cento do custe de adquisición, facilitando a mesma ás persoas que dispoñen de recursos para o pago da hipoteca pero non teñen aforros suficientes para a parte que non financian os bancos.

A Xunta de Galicia avalará ata un total de cinco millóns de euros os préstamos hipotecarios solicitados por menores de 36 anos residentes en Galicia para a adquisición da súa primeira vivenda, que deberán destinar a residencia habitual e permanente.

Por cuarto ano consecutivo, a Xunta realizará a convocatoria desta axuda, destinada a facilitar a adquisición de vivenda por menores de 36 anos ao avala ata o 20 por cento do importe do custe de adquisición, facilitando que a hipoteca poida acadar o 100 por cento de dito importe e obviando así os problemas dos mozos que dispoñen de recursos para o pago da hipoteca pero non teñen aforros suficientes para facer fronte á porcentaxe que os bancos non financian.

Poderán acceder a esta axuda as persoas menores de 36 anos, con nacionalidade española ou dun país da Unión Europea ou, no caso de estranxeiros, con autorización de estancia ou residencia en España, e ingresos entre 2 e 5,5 veces o Iprem, podendo incrementarse cando a adquisición se realice por máis dunha persoa. Nese caso o límite máximo dos ingresos conxuntos dos adquirentes poderá acadar 6,5 Iprem.

No caso de adquisición de vivenda protexida non existe límite de idade para poder acceder aos avais.

O prezo máximo de adquisición da vivenda estará entre 180.000 e 260.000 euros, segundo o concello no que se emprace a mesma. No caso de vivendas protexidas, o prezo máximo das mesmas será o establecido na cualificación definitiva.

As axudas poderán solicitarse unha vez que a convocatoria se publique no Diario Oficial de Galicia e ata o 30 de outubro de 2026.

Dende 2023 a Xunta concedeu un total de 219 avais para adquisición de vivenda, avalando un total de máis de catro millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 330.000 EUROS Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DE EMBELECIMENTO DO NÚCLEO RURAL DE VENTOSELA, NO CONCELLO DE RIBADAVIA

- Nesta intervención, que suporá un investimento total que roldará os 470.000 euros, a Xunta alcanzará o 70% do orzamento, contratará e executará as obras.
- Proxectase a repavimentación da rúa principal do lugar de Ventosela, incluíndo a revisión dos servizos urbanísticos e o soterramento das redes aéreas
- Esta actuación forma parte do Plan Hurbe impulsado pola Xunta, co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade
- O Goberno galego segue traballando cos concellos no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego destinará preto de 330.000 euros á execución das obras de embelecemento do núcleo rural de Ventosela, no concello de Ribadavia. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, en que se autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello ourensá e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Para levar a cabo esta intervención, que suporá un investimento total de 468.470,92 euros, a Xunta alcanzará o 70% do orzamento desta intervención, con preto de 330.000 euros, contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Ribadavia asumirá o 30% restante do custo das obras, algo máis de 140.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do chamado Plan Hurbe impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, proxéctase actuar no ámbito da rúa principal do lugar da Ventosela, de 1.550 m², afectando o camiño principal que atravesa o devandito núcleo do municipio ourensá, ata chegar á estrada nacional N-120.

En concreto, a intervención consistirá na repavimentación desta rúa principal do lugar de Ventosela, incluíndo a revisión dos servizos urbanísticos e o soterramento das redes aéreas.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións en Ribadavia enmárcanse na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao se converteren en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

PLANO REPRESENTATIVO



FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 8 M€ PARA A COMPRA DE IMPLANTES DE MARCAPASOS E DESFIBRILADORES CON DESTINO Á ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- A duración do contrato é por período dun ano
- A adquisición destes aparellos implicará a integración informática coa historia clínica electrónica
- As cantidades das necesidades da Área Sanitaria da Coruña e Cee para estes produtos estímase en 767 marcapasos e 229 desfibriladores para 12 meses

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación para a subministración de implantes de marcapasos e desfibriladores con destino á Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un importe de 7.901.690 euros e por un período dun ano de duración, co obxecto de prestar a adecuada atención asistencial aos pacientes que precisen destes implantes.

O valor estimado desta contratación ascende a 22.986.737 euros, atendendo ás posibles prórrogas, por un período de dous anos.

Tanto os marcapasos como os desfibriladores están relacionados coas arritmias cardíacas. As arritmias cardíacas constitúen un motivo frecuente de ingreso hospitalario. A fibrilación auricular é a arritmia máis común.

A adquisición destes aparellos implicará a integración informática coa historia clínica electrónica. En consecuencia, os datos adquiridos polos dispositivos poderán ser consultados polos profesionais sanitarios a través da historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde.

Os marcapasos artificiais son dispositivos electrónicos deseñados para producir impulsos eléctricos co obxecto de estimular o corazón cando falla a estimulación fisiolóxica normal. Existen múltiples tipos de marcapasos e a indicación de cada un deles dependerá do tipo de arritmia e da situación do paciente.

Os desfibriladores son dispositivos electrónicos deseñados para restablecer o ritmo cardíaco normal mediante a aplicación dunha descarga eléctrica. Hainos externos, que se colocan sobre a pel e implantables, ou definitivos, que se implantan subcutaneamente.

As cantidades das necesidades da área sanitaria para estes produtos estímase en 767 marcapasos e 229 desfibriladores para 12 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este expediente de contratación deriva do acordo marco de outubro de 2023, establecido para a subministración sucesiva de marcapasos e desfibriladores para o conxunto das áreas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 3,7 M€ NA COMPRA DE VACINAS PARA INMUNIZAR A POBOACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PAPILOMA HUMANO

- Desde o ano 2022, o *Calendario de Inmunización ao longo de toda a vida* inclúe a vacinación de todos os homes nados a partir do 1 de xaneiro de 2010
- Ata o ano 2025, o 92,72 % dos nenos nados en 2011 e o 89,47 % dos nenos nados en 2012 xa foron vacinados do VPH
- Coas progresivas ampliacións deste programa de vacinación, a inmunización fronte ao virus do papiloma humano cobre a día de hoxe de forma sistemática as mulleres nadas desde 1994 e aos homes a partir do ano 2004
- O virus do papiloma humano é a infección de transmisión sexual máis común a nivel mundial

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a compra para a subministración sucesiva de vacinas coas que inmunizar a poboación fronte ao virus do papiloma humano (VPH). O Executivo galego investirá 3.794.700 euros na adquisición de vacinas para os anos 2026 e 2027.

Con esta compra o Goberno galego dá continuidade á decisión de vacinar fronte ao VPH tanto nenas coma nenos aos 12 anos idade. A Xunta adquirirá a vacina nonavalente *Gardasil 9*.

Desde o ano 2022, o *Calendario de Inmunización ao longo de toda a vida* inclúe todos os homes nados a partir do 1 de xaneiro de 2010, unha medida que contou cun alto grao de aceptación por parte da poboación, segundo se desprende das boas coberturas acadadas ata o ano 2025: o 92,72 % de nenos vacinados nados en 2011; e do 89,47 % en nenos nados no ano 2012.

Estas coberturas son equiparables ás referidas á vacinación do VPH en mulleres, cuxa vacinación sistemática se estableceu no ano 2008. Así, a cobertura total da poboación sitúase no 92,64 % para nenos e nenas nados en 2011.

A incorporación da vacinación do VPH en homes permite reducir o risco de infección desta enfermidade transmisible e previsible, ademais de potenciar a protección fronte ao cancro de colo uterino nas mulleres por medio da protección de grupo, mantendo o calendario galego na vangarda do territorio nacional.

Así, o programa de vacinación fronte ao virus do papiloma humano foi ampliándose nos últimos anos na poboación masculina, cubrindo primeiro os mozos de ata 19 anos e logo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os de ata 21 anos. Dese xeito, hoxe en día a vacinación inclúe de forma sistemática as mulleres nadas desde 1994 e os homes a partir do ano 2004.

A Consellería de Sanidade prevé un aumento das coberturas da vacina nos grupos de idade xa establecidos na poboación masculina, en liña coa estratexia de vacinación universal fronte ao VPH.

O virus do papiloma humano (VPH)

O virus do papiloma humano (VPH) é a infección de transmisión sexual máis común a nivel mundial. A maioría das veces a infección resólvese soa, pero se permanece, é un colaborador imprescindible para o desenvolvemento de cancro de colo de útero, vulva, vaxina, ano, pene, orofarinxe e boca en homes ou mulleres.

O seu padecemento pode ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida, constituíndo un importante problema de saúde. Así mesmo, o VPH está implicado na xénese das verrugas xenitais que, ben que non son unha enfermidade grave, causan gran morbilidade e xeran un grande impacto sobre a asistencia sanitaria.

A vacinación por calendario de nenos e nenas aos 12 anos (antes do contacto co VPH) repercutirá directamente na saúde dos homes e mulleres galegas en canto á morbi-mortalidade por este virus e, ademais, terá beneficios indirectos na asistencia sanitaria, evitando consultas de atención primaria e/ou hospitalaria, ingresos e prescricións farmacolóxicas derivadas do padecemento destas patoloxías.

A vacinación daquelas persoas cun risco maior de padecer esta enfermidade, como persoas ata os 45 anos en prostitución ou homes homosexuais da mesma franxa de idade, complementará a protección global e diminuírá o risco de contaxio.

Plan galego de infeccións de transmisión sexual 2026-2030

A Consellería de Sanidade vén de presentar o Plan galego de infeccións de transmisión sexual (Plan SexSan 2026-2030), que inclúe a protección fronte ao virus do papiloma humano. Esta estratexia conta cun orzamento global de 195 millóns de euros e incidirá no diagnóstico, tratamento, prevención e vixilancia epidemiolóxica.

Este plan pioneiro do Goberno galego ten como obxectivo acabar coas infeccións de transmisión sexual como problema de saúde pública de cara ao ano 2030.

Así, entre as medidas máis salientables do plan destacan: a elaboración dun mapa de recursos que recolla todas as entidades sanitarias e comunitarias relacionadas coa atención da saúde sexual, a realización de cribados oportunistas de diferentes infeccións de transmisión sexual, a facilitación de medios de protección como preservativos ou o desenvolvemento de distintas campañas de comunicación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan SexSan 2026-2030 aspira a acadar reducións anuais sostidas da incidencia das infeccións de transmisión sexual en Galicia, apoiándose na prevención combinada, o diagnóstico temperán e un seguimento axeitado das infeccións de transmisión sexual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 8 M€ PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE HEMODIÁLISE EXTRAHOSPITALARIA E EN DOMICILIOS NA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

- O Consello da Xunta autorizou a contratación destes servizos por un período de tres anos
- Estímase que se poderán beneficiar desta iniciativa 120 pacientes anuais, con 156 sesións anuais por paciente para o caso dos servizos de diálise extrahospitalaria, e a atención de 6 pacientes anuais cunha media de 286 sesións ao ano para a hemodiálise domiciliaria
- Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés
- Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea

A Xunta autorizou a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da prestación de servizos de hemodiálise extrahospitalaria e hemodiálise domiciliaria na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, cun orzamento base de licitación de 8.068.357 euros e un período de vixencia de tres anos.

A contratación, dividida en dous lotes, a correspondente á hemodiálise en centro extrahospitalario e a correspondente á hemodiálise domiciliaria, ten un valor estimado de 9.682.028 euros, atendendo ás súas posibles modificacións.

O departamento sanitario galego calcula que se poderán beneficiar desta contratación, con base na asistencia prestada no ano 2025, 120 pacientes anuais, cun número de 156 sesións anuais por paciente para o caso dos servizos de diálise extrahospitalaria, e a atención de 6 pacientes anuais cunha media de 286 sesións ao ano para a hemodiálise domiciliaria.

Todos os pacientes incluídos nesta prestación terán unha avaliación previa por parte do Servizo de Nefroloxía da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Os datos clínicos de pacientes hemodializados serán integrados na plataforma tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde Telea, destinada ao seguimento de doentes crónicos.

Mellora da calidade de vida

A hemodiálise ten un importante impacto na vida persoal dos pacientes e na súa capacidade de desenvolver unha actividade laboral. É por iso que, co fin de fomentar unha mellor calidade de vida, reforzar a súa autoestima e promover un modelo de asistencia personalizada, o Servizo Galego de Saúde está a introducir a diálise

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

domiciliaria co obxectivo de mellorar a vida dos pacientes que desexen ter unha vida social e laboral activa, cumprindo, deste xeito, cunha das súas liñas estratéxicas de humanización.

A diálise é unha terapia de substitución renal que ten como finalidade suplir parcialmente a función dos riles. A partir dunha perda significativa da función renal que aboca a unha insuficiencia renal crónica, os pacientes deben someterse ao tratamento que lles permita extraer as toxinas e o exceso de auga do sangue como norma xeral tres veces por semana.

Esta contratación ten por obxecto a hemodiálise, método de diálise en que se extrae o sangue do organismo e se bombea cunha máquina ata un dializador (ril artificial), que filtra os residuos metabólicos e devolve o sangue purificado ao organismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DA NOVA LEI DE BIBLIOTECAS E DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO PARA ADAPTAR O SERVIZO ÁS DEMANDAS DA SOCIEDADE ACTUAL

- O Consello dá luz verde a este procedemento para contar cunha normativa que teña en conta os cambios sociais, a dixitalización e a aparición da intelixencia artificial
- Inclúe a protección e conservación da produción bibliográfica, sonora, visual, audiovisual e dixital, realizada ou editada na Comunidade, excluída na actual normativa
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude prevé que poida iniciarse a súa tramitación parlamentaria a finais deste mesmo ano
- De xeito paralelo ao seu desenvolvemento, o Goberno galego porá en marcha o Plan de dinamización da lectura con 115 medidas ata 2029 dotadas con 60M€

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao inicio da tramitación do anteproxecto da nova Lei de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia, coa que o Goberno galego busca actualizar e adaptar a regulación destes centros á realidade actual, tendo en conta os cambios sociais na xestión de información derivados da sociedade do coñecemento, da dixitalización e da intelixencia artificial.

Ademais, a nova normativa que comeza a tramitar a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude terá como unha das súas principais novidades a incorporación da regulación, protección e conservación da produción bibliográfica, sonora, visual, audiovisual e dixital, realizada ou editada na Comunidade, que está excluída na actual lei vixente.

Cómpre lembrar que o inicio da tramitación deste anteproxecto de Lei veu precedido pola apertura dun proceso de consulta pública previa, dun mes de duración, que serviu para enriquecer o texto da futura normativa ao incorporar achegas presentadas por entidades e tamén particulares. Agora, a partir da autorización hoxe do Consello da Xunta do inicio da tramitación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude iniciará a elaboración do anteproxecto, que deberá someterse a consulta pública e do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

Unha vez que conte cos informes preceptivos, o anteproxecto deberá pasar de novo polo Consello da Xunta para que lle dea luz verde. A previsión é que a finais de ano se inicie a súa tramitación no Parlamento de Galicia, para conseguir a súa aprobación coa conseguinte publicación e entrada en vigor.

Isto permitirá actualizar unha normativa que, na actualidade, está regulada pola Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, un texto que mantivo en gran parte a vixencia do Decreto 41/2001. No entanto, a situación das bibliotecas galegas mudou nestes últimos anos, o mesmo que a xestión dos procedementos, ao se converteren en espazos non só de acceso á lectura e á cultura para todas as persoas, senón tamén en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lugares de convivencia social, de acceso libre e igualitario ao coñecemento e onde se constrúen os novos valores sociais.

Obxectivos da nova normativa

Por este motivo, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vai preparar unha nova norma que recoñeza estas novas realidades e servizos que deben prestar estes equipamentos culturais de primeiro nivel e que permita a mellora da súa xestión. Consecuentemente, a nova lei vai actualizar os servizos bibliotecarios poñendo especial atención na promoción da lectura e no acceso ao coñecemento en todas as súas manifestacións e canles.

De igual xeito, búscase que se potencien desde estes centros outros aspectos como a difusión e promoción do patrimonio lingüístico, o acceso universal á cultura, a alfabetización dixital, a inclusión e cohesión social ou a cooperación con organizacións culturais, educativas e sociais.

Ao mesmo tempo, con este novo texto preténdese ampliar a regulación do patrimonio bibliográfico de Galicia e a súa preservación e conservación para conseguir un réxime eficaz que estableza un sistema de actuación garantista para todas as institucións e os axentes implicados na conservación e na difusión do acervo patrimonial bibliográfico da Comunidade, debido a que a regulación actual se limita a determinar conceptos básicos e réxime sancionador.

Ademais, a Xunta mellorará con esta normativa aspectos técnicos respecto da actual lei vixente, ao recoller como deberá ser a reordenación do sistema e da rede de bibliotecas e ao actualizar as definicións e a clasificación destas. Nesta liña, a nova lei establecerá con respecto aos centros públicos cales deberán ser os servizos mínimos que deben prestar, normas específicas de funcionamento e os dereitos e obrigas das persoas usuarias.

Do mesmo xeito, entre outras cuestións, regulará os requisitos mínimos para que un centro se integre na Rede de bibliotecas de Galicia, tendo en conta a superficie e a accesibilidade, o horario ou o persoal. Engadiranse nesta ordenación a definición e delimitación das competencias da Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos, segundo o disposto na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e tamén se establecerán algunhas das condicións para a prestación dos servizos bibliotecarios públicos municipais.

Actuacións complementarias

Débese salientar que, ao tempo que se tramita a nova Lei de bibliotecas e do patrimonio bibliográfico de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude porá en marcha o Plan de dinamización da lectura, con 115 medidas ata 2029, dotadas cun investimento de 60M€ para continuar mellorando os hábitos lectores na Comunidade nun momento en que Galicia rexistra uns índices superiores á media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De igual forma, continuará fomentando que a Biblioteca de Galicia, como cabeceira do sistema bibliotecario, realice todas as accións encamiñadas á identificación, catalogación, conservación, difusión e dixitalización, e poña en marcha outras medidas de preservación do noso patrimonio bibliográfico como, por exemplo, accións formativas para persoal bibliotecario e a elaboración de pautas de actuación para a conservación do fondo local patrimonial. Así mesmo, continuará co apoio técnico e económico a todos os titulares das bibliotecas públicas integradas da Rede de bibliotecas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A INTEGRACIÓN DO MUSEO DO REAL CLUB DEPORTIVO DA CORUÑA NO SISTEMA GALEGO DE MUSEOS

- O Consello do Executivo autonómico dá luz verde a esta incorporación por concibirse como un espazo cultural, patrimonial e educativo ao redor da historia da entidade
- Convértese no primeiro de carácter deportivo que se suma a esta rede da que, actualmente, forman parte 98 espazos en toda a Comunidade
- A colección do museo componse de máis de 200 pezas que forman parte do discurso expositivo inicial e de 2.000 obxectos de distinta natureza como trofeos, indumentarias, fotografías ou material audiovisual

A Xunta de Galicia incorporará o Museo do Real Club Deportivo no seu Sistema Galego de Centros Museísticos, a rede impulsada polo Goberno galego e que aglutina museos, coleccións e centros de interpretación tanto de titularidade pública como de outras administracións ou entidades privadas para fomentar a coordinación, conservación e difusión do seu patrimonio.

Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, onde se recoñece que este espazo, o primeiro de carácter deportivo que se integra neste rede, está concibido como un espazo cultural, patrimonial e educativo destinado a conservación, preservación, promoción e difusión da historia do Club Deportivo da Coruña, así como para dar a coñecer a súa influencia social e cultural ao longo do tempo.

Deste xeito, o Museo do Real Club Deportivo gozará do recoñecemento que supón estar baixo o paraugas deste sistema, contando coa garantía de que cumpre con todos os requisitos en canto a instalacións, horarios de apertura, seguridade e plan museolóxico, o documento que recolle todos os programas necesarios para o desenvolvemento do centro a nivel organizativo, expositivo e de difusión, podendo, ademais, acceder a convocatorias de axudas específicas para museos, entre outras vantaxes.

Dimensión deportiva, humana e social

O obxectivo do Museo do Real Club Deportivo é achegar os e as visitantes á dimensión deportiva, humana e social dun club que nace en 1906 e reflectir como, ao longo da súa historia, ten un impacto moi importante máis aló da cidade da Coruña. A súa creación responde á vontade da entidade de poñer en valor o seu patrimonio material e inmaterial, xerando un espazo de encontro entre o deporte, a memoria colectiva e a cultura contemporánea. Polo tanto, aspira a consolidarse como un lugar de referencia para a cidade da Coruña, á vez que ofrecer á cidadanía un novo lugar de encontro, lecer e convivencia.

A colección museística, componse de máis de 200 pezas que forman parte do discurso expositivo inicial e que se suman a outros 2.000 obxectos de distinta natureza. Trátase de trofeos, indumentarias, documentos, fotografías, xornais, material audiovisual, obxectos de xogadores, técnicos e afeccionados, así como testemuños orais e dixitais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que ilustran a historia do Real Club Deportivo e do seu papel dentro do deporte e da sociedade galega. Ao mesmo tempo, permiten ver a evolución histórica, tanto do club, como da súa afección.

A inclusión do Museo do Real Club Deportivo suporá contar en Galicia cunha rede de 98 espazos recoñecidos, entre os que se atopan catro centros de interpretación do patrimonio cultural: o da Fundación Legar en Quiroga, o da Torre de Hércules, na Coruña, e o do Muíño do Pan de Baamonde, e o complexo dos Muíños de Xuvia, en Narón. A eles únense 23 coleccións rexistradas —aquelas que cumpren con criterios museográficos sen chegar reunir os requisitos propios para funcionar como un museo— e 70 museos, completando deste xeito as tres categorías contempladas pola Lei de Museos 7/2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REDESEÑA O PROGRAMA TALENTO MOZO CON NOVOS COMPROMISOS DE INSERCIÓN E PRIORIDADE NOS APOIOS Á CONTRATACIÓN PARA FACILITAR A ENTRADA NAS EMPRESAS

- O Consello de goberno analizou os novos programas de emprego e formación para persoas do Sistema nacional de garantía xuvenil (6,6 M€), que priorizarán os sectores laborais con máis demanda para reforzar a conexión co tecido produtivo
- Dirixida a concellos e mancomunidades, a orde estrea a obriga de que as entidades colaboren coas empresas para inserir polo menos dúas ou tres persoas en función do tamaño do proxecto, valorándose que os compromisos de colocación sexan maiores
- Ademais, os participantes serán primados por primeira vez en axudas á contratación como as do programa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, dentro da aposta da Xunta por facilitar a súa entrada e consolidación nas empresas galegas
- A previsión é beneficiar 208 mozos e mozas de entre 18 e 29 anos con 13 accións de 12 meses de duración entre 2026 e 2027 que combinarán formación e traballo efectivo en beneficio das infraestruturas e servizos das súas respectivas contornas
- Co fin de axilizar a convocatoria, simplifícase no procedemento de solicitude a memoria dos proxectos e recórtase o prazo de resolución de 5 a 4 meses, ademais de incorporarse a posibilidade dun anticipo de ata o 100 % da anualidade de 2026

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o redeseño dos programas de formación e emprego para a mocidade (6,6 M€), que reforzarán a incorporación ao mercado de traballo das persoas participantes a través de novos compromisos de inserción e de prioridade nas axudas á contratación, primando ademais os sectores con máis demanda para atender as necesidades do tecido produtivo. Deste xeito, e na liña das melloras introducidas noutras medidas como os obradoiros duais, encamiñadas á colocación profesional real, o novo programa Talento Mozo enmárcase na renovación integral das políticas activas de emprego para pechar o círculo da empregabilidade, proporcionando aos mozos e mozas que rematen con éxito estas accións impulsadas pola Xunta un peto de cartos públicos —materializados na formación recibida e nos apoios á contratación— co obxecto de facilitar a súa entrada e consolidación nas empresas galegas.

Polo tanto, os cambios neste programa —que prevé beneficiar 208 persoas de entre 18 e 29 anos inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil mediante a realización de 13 proxectos de 12 meses de duración entre 2026 e 2027— fortalecen tanto as oportunidades laborais como a conexión directa co que precisa o tecido produtivo de cada territorio a través das entidades locais solicitantes —que deberán coordinarse coas empresas para garantir un mínimo de inserción—, incidindo ademais coas súas actuacións nas infraestruturas e servizos públicos, coa conseguinte mellora na calidade de vida das respectivas contornas. Nese senso, co fin de axilizar os traballos executados no marco dos programas, simplifícase tamén como novidade o procedemento de solicitude e recórtase o prazo de resolución das axudas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta convocatoria enmarcada no programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus, a Xunta encárgase de subvencionar os custos da formación (medios, materiais, contratación de persoal, etc.), así como os custos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriben co alumnado.

Novidades da convocatoria de Talento Mozo

No referido aos criterios de valoración, na nova orde diferénciase entre os relativos ás entidades solicitantes —concellos e mancomunidades de municipios ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a eles, primándose os proxectos a cargo de agrupacións de concellos ou de concellos resultantes dunha fusión— e os relacionados coa calidade do proxecto e coa adecuación do plan de formación ás necesidades do mercado de traballo. Neste segundo grupo, valorarase a impartición de formacións en especialidades con nivel alto ou medio de inserción laboral, así como os compromisos de colocación superiores ao mínimo establecido na orde de convocatoria.

Nese sentido, inclúese como novidade a obriga de que as entidades promotoras insiran no mercado polo menos dúas ou tres persoas, en función de se o proxecto ten entre 10 e 12 participantes ou entre 13 e 16. Mentres, co obxectivo de axilizar a convocatoria, simplifícase a memoria dos proxectos no procedemento de solicitude e recórtase o prazo de resolución de 5 a 4 meses. A maiores, unha vez aprobada a axuda, prevese que as entidades poidan solicitar un anticipo de ata o 100 % da anualidade 2026.

Compromiso coa empregabilidade real e a conexión coas empresas

As persoas participantes nos programas Talento Mozo terán prioridade nas axudas á contratación como as do programa actualmente aberto *Galicia Suma Talento: Emprégate* (19,7 M€), que conta cunha liña concreta para a mocidade e que por primeira vez primará a contratación das persoas desempregadas que participasen con éxito en programas de formación autonómicos.

A actuación forma parte da aposta da Xunta pola empregabilidade, en que se inclúe a reformulación integral doutras ordes como a dos obradoiros duais de emprego (48,1 M€), que este ano tamén incorpora novidades a prol da inserción laboral —ao igual que o programa Talento Mozo— como máis incentivos á contratación para as empresas da contorna vencelladas á temática dos obradoiros, ademais de incentivos para os concellos solicitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA NOVAS ACHEGAS PARA FAVORECER A REMUDA XERACIONAL NO SECTOR AGROGANDEIRO, DOTADAS CUN ORZAMENTO DE 53 M€

- Deste orzamento, 23 millóns de euros irán destinados á incorporación de mozos ao agro, mentres que os 30 millóns restantes van dirixidos a financiar os plans de mellora asociados a estas incorporacións
- Esta convocatoria busca dar resposta á alta demanda de solicitudes recibidas no 2025, e por iso poderán optar a estas achegas tanto os solicitantes do ano pasado coma outros novos
- A través desta convocatoria, mediante a cal xa se incorporaron máis de 5.000 mozos desde 2009, o Goberno autonómico afianza a súa aposta pola remuda xeracional, que é fundamental para garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental da actividade agrogandeira

A Consellería do Medio Rural realizará en breve unha nova convocatoria das achegas para favorecer a remuda xeracional no sector agrogandeiro, dotadas cun orzamento de 53 millóns de euros. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta, que indica que 23 millóns de euros irán destinados á incorporación de mozos ao agro, mentres que os 30 millóns restantes van dirixidos a financiar os plans de mellora asociados a estas incorporacións. Trátase da maior convocatoria desde 2018.

Esta nova convocatoria busca responder tamén ao alto número de solicitudes que se recibiron para estas axudas no ano 2025 -máis de 460 de xeito conxunto entre ambas as partidas-. Nesta situación, e co obxectivo de poder dar resposta á demanda e impulsar a incorporación dun maior número de agricultores e gandeiros mozos ao sector na nosa comunidade, lánzase esta nova partida.

Deste xeito, as achegas financiarán non só aquelas persoas que soliciten a axuda por primeira vez, senón tamén ás que xa a pediran en 2025. Os mozos que xa presentaran a súa solicitude non terán que volver rexistrala e garantiránselles as mesmas condicións que tiñan o ano pasado, especialmente en relación cos prazos dos investimentos e a idade máxima permitida -41 anos-.

A través destas axudas o Goberno autonómico afianza a súa aposta pola remuda xeracional, que é fundamental para garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental da actividade agrogandeira no seu conxunto. Por outra banda, a mellora das explotacións incide de xeito positivo na súa rendibilidade e competitividade.

Durante o período 2016-2024 este tipo de convocatorias supuxeron un gasto público duns 369 millóns de euros, beneficiando 5.869 explotacións e favorecendo a incorporación de 3.161 mozos e novos activos ao agro. Desde o ano 2009, estas achegas impulsaron a incorporación de máis de 5.000 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INSISTE EN QUE A CONEXIÓN DE ALTA VELOCIDADE CON PORTUGAL SE DEMORARÍA ATA 2038 POLOS ATRASOS NOS TREITOS DA SAÍDA SUR DE VIGO E ENTRE O PORRIÑO E A FRONTEIRA PORTUGUESA

- O Consello da Xunta avaliou os prazos dos trámites pendentes, incompatibles coa promesa do Goberno central de conectar Galicia co norte de Portugal en 2032 e, menos aínda, co posterior anuncio de que estará rematada en 2030
- O Executivo autonómico demanda un calendario con prazos e investimentos claros para facer realidade esta infraestrutura estratéxica e ofrecer un servizo ferroviario do século XXI que conecte a Comunidade galega con Portugal

O Consello da Xunta avaliou hoxe os prazos pendentes na execución da conexión de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal, que se demoraría polo menos ata 2038 ante os atrasos na tramitación por parte do Goberno central no treito da saída sur de Vigo e no seu contiguo desde O Porriño ata a fronteira portuguesa. O Goberno galego insistiu novamente en que os trámites pendentes fan incompatible a execución desta infraestrutura prioritaria co horizonte inicial de 2032 establecido polo Executivo estatal e, especialmente, co posterior anuncio de que estará rematada en 2030.

No informe avaliado hoxe recóllese que só no que se refire á saída sur de Vigo a publicación do estudo informativo se ampliou dous anos sobre o prazo contractual inicial. Cómpre lembrar que no contrato asinado en xuño de 2023 se establecía un prazo de 18 meses ata decembro de 2024. En abril do ano pasado o Goberno central, a través do secretario de Estado de Transportes, José Antonio Santano, indicaba que o estudo estaría listo antes do verán de 2025 pero, chegada esa data, o Comisionado do Corredor Atlántico rectificaba anunciando a súa publicación para antes de finais de 2025. Isto suporía un ano de demora sobre o prazo contractual ao que hai que sumar outro ano máis debido a que en novembro do ano pasado se ampliaba o período de redacción do estudo ata outono deste 2026. O motivo deste novo atraso débese a que o estudo acordado en 2023 non incluía as obras de supresión do paso a nivel do Porriño e o enlace co seguinte treito entre O Porriño e a fronteira portuguesa.

Polo tanto, trátase dun atraso evidente no estudo informativo, que demora aínda máis os outros trámites pendentes ata que a saída sur estea rematada. Ben que noutro informe avaliado o ano pasado nun consello da Xunta sobre esta conexión se sinalaba que a saída sur non estaría finalizada ata 2034, cos novos atrasos este horizonte prolongaríase aínda máis e non sería unha realidade ata 2037. Así, unha vez o estudo informativo se someta a información pública, que aínda está pendente, habería que esperar seis meses para proceder á tramitación ambiental. Este trámite suporía outros 18 meses, e a contratación e execución do proxecto construtivo, que pode prolongarse a tres anos. A continuación, farían falta entre cinco e seis anos máis para a licitación e execución das obras, dada a súa complexidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo estas estimacións, non sería posible polo tanto a promesa do Goberno central de conectar Galicia co norte de Portugal en 2032, e moito menos en 2030, e a saída sur de Vigo non estaría finalizada ata 2037. Por este motivo, desde a Xunta insístease na demanda dun calendario claro e dun programa de investimentos para a saída sur de Vigo, imprescindible para materializar esta infraestrutura estratéxica e ofrecer un servizo ferroviario do século XXI que conecte a Comunidade galega con Portugal.

Nesta liña, a semana pasada o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse co alcalde de Porto, Pedro Duarte, e agradeceulle o compromiso con esta infraestrutura, ao mesmo tempo que instou o Goberno central a axilizar as obras pendentes no territorio español. Ademais, o pasado venres, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, mantivo unha reunión coa conselleira do Coordinador do Corredor Atlántico, Julie Buy, en que se lle entregou un documento coas prioridades de Galicia para acadar un desenvolvemento equilibrado do Corredor Atlántico, o que inclúe a conexión de alta velocidade entre Vigo e Porto.

No informe avaliado hoxe no Consello da Xunta tamén se abordou a materialización do seguinte treito para a conexión con Portugal entre O Porriño e a fronteira portuguesa. A finais de 2011 aprobouse o estudo informativo e non houbo avances ata o ano pasado, cando se licitou a redacción en xuño para proceder á súa adxudicación dous meses despois. Segundo os trámites e prazos necesarios para levar a cabo esta obra, a Xunta non estima que se atope operativo este treito antes de 2038. Ademais, cómpre lembrar que o Goberno de España e Portugal deben negociar a construción e o financiamento dunha nova ponte internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A SÚA ESTRATEXIA DE PREVENCIÓN, PLANIFICACIÓN E ACTUACIÓN NOS RÍOS CUN INVESTIMENTO DE 65 M€ PARA REDUCIR AS INUNDACIÓNS

- O Consello avaliou as intervencións previstas ata 2030 co fin de que a comunidade estea máis preparada, segura e sexa resiliente na xestión da auga e na protección do conxunto da cidadanía fronte aos riscos derivados do cambio climático
- O Executivo galego vai desenvolver obras en zonas urbanas en colaboración cos concellos co fin de reducir o risco de asolagamentos que suman arredor de 35 millóns de euros, entre eles os proxectos para crear áreas de inundación controlada
- Augas de Galicia investirá 4 M€ anuais en tarefas preventivas e de conservación das canles fluviais fóra das zonas urbanas para mantelas limpas e retirar obstáculos que provoquen atoaamentos
- A isto súmanse accións de concienciación e sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a importancia dos ríos nos ecosistemas e de estar preparados para actuar en caso de que se produzan desbordamentos
- A planificación de todas estas accións parte dun modelo de predición e seguimento punteiro que conta con instrumentos como o sistema Merlin e, proximamente, con Aquatwin, que permitirá crear un xemelgo dixital das bacías hidrográficas tras un investimento de arredor de 3 M€

A Xunta vai investir ata 2030 máis de 65 millóns de euros para reforzar o seu modelo de actuación integral nos ríos, que combina a prevención, planificación e protección das persoas e do territorio fronte ao risco de inundacións. As accións previstas van desde a predición e a conservación ata a execución de obras co fin de mellorar o comportamento dos ríos e reducir o impacto dos desbordamentos na contorna.

O Consello analizou hoxe un informe sobre as medidas previstas por Augas de Galicia co fin de afondar nun plan que conxuga o coñecemento avanzado cunha planificación rigorosa, a presenza constante no territorio, un investimento sostido e a colaboración institucional. O fin último é que a comunidade estea máis preparada, segura e sexa resiliente na xestión da auga e na protección dos ríos e do conxunto da cidadanía fronte aos riscos derivados do cambio climático.

Nesta liña, a previsión para o vindeiro lustro inclúe numerosas actuacións en espazos urbanos en colaboración cos concellos situados en áreas con risco potencial significativo de inundación (Arpsi) que suman un investimento de arredor de 35 millóns de euros. Nesta partida inclúense obras en distintos municipios que teñen a mesma filosofía que as rematadas recentemente en Carballo: evitar o desbordamento das canles fluviais e os prexuízos que adoitan causar nas persoas e nos negocios asentados na trama urbana.

Neste sentido, a traballos xa rematados en Carballo ou Neda -para mellorar a drenaxe, derrubar presas, ampliar a capacidade hidráulica das canles, restauración fluvial e protección de zonas urbanas vulnerables- engádense outros como os planificados -co

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxecto xa redactado ou en redacción- para Sada (7,2 M€), Gondomar (6,5 M€), Padrón (3 M€), Valga (3 M€) ou o millón de euros aproximado da actuación prevista na Arpsi do río Fontecova, en Viveiro, para mellorar a capacidade hidráulica da canle fluvial nun treito especialmente sensible.

Ademais, nos próximos anos porase en marcha un dos elementos máis innovadores desta estratexia: a creación de zonas de inundación controladas. Trátase de infraestruturas que permiten laminar os caudais en episodios de choiva intensa xerando ao mesmo tempo zonas verdes para dar máis espazo aos ríos, recuperar canles naturais, eliminar barreiras artificiais e integrar os cursos fluviais no tecido urbano.

Neste momento están xa identificadas as sete primeiras zonas deste tipo e estanse a facer os traballos de definición dos proxectos concretos. As actuacións máis avanzadas son as de Ponteceso e Pontevedra, aínda que o seu desenvolvemento depende en boa medida da sinatura dos correspondentes convenios de colaboración cos concellos, pois son os que poñen á disposición os terreos necesarios para realizar os traballos.

Planificación de xestión do risco

Este tipo de intervencións adoitan desenvolverse en espazos urbanos incluídos en Arpsi catalogados como as de maior gravidade e incluídos no Plan de xestión do risco de inundación vixente (2021-2027). Nel hai 170 áreas de risco fluviais, cunha extensión de 548 quilómetros de río, e 28 costeiras, cunha lonxitude de 160 quilómetros.

Neste sentido, como mostra do traballo constante na planificación e no seguimento destas zonas, xa se está tramitando un novo plan para o período 2028-2033. Nel inclúense 172 áreas fluviais (dúas máis que o actual) cunha extensión de 566 quilómetros vulnerables. Estes plans son vitais para definir as actuacións nas zonas máis sensibles para minimizar o impacto de posibles asolagamentos.

Esta radiografía do territorio é a que permite á Xunta dispoñer dun marco sólido para orientar os investimentos, priorizar actuacións e reforzar a prevención fronte ao risco de inundación, garantindo unha mellor protección das persoas, dos bens e do territorio.

A estas actuacións nas tramas urbanas e periurbanas engádense os traballos constantes de mantemento e conservación do dominio público hidráulico na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Son tarefas ordinarias e preventivas de mantemento dos ríos fóra dos núcleos urbanos que inclúen a retirada de obstáculos e acumulacións de materiais, o control e xestión de vexetación, a eliminación de especies exóticas invasoras e a mellora da sección hidráulica das canles fluviais.

A programación destes traballos de conservación combina a planificación técnica de Augas de Galicia coa atención ás solicitudes formuladas por concellos e particulares, dando prioridade a aquelas intervencións que presentan unha maior incidencia sobre a seguridade das persoas e dos bens. Nesta liña, a Xunta vai reforzar este labor nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vindeiros anos, elevando os investimentos anuais ata os 4 millóns de euros, co que a previsión ata 2030 alcanza os 20 millóns de euros.

Divulgación

Estas actuacións sobre o terreo contan en paralelo cun importante traballo de concienciación e divulgación ao conxunto da cidadanía sobre a transcendencia dos ríos nos ecosistemas, a relevancia de actuar adecuadamente na súa contorna e explicar cal é a función das accións que executan as administracións para mellorar o comportamento das canles fluviais fronte ás inundacións.

Neste eido, o Executivo galego ten en marcha a *Campaña de concienciación en áreas con risco potencial significativo de inundación*, que conta cun orzamento de arredor de 700.000 euros e inclúe tanto accións nos colexios -para informar os escolares de entre 6 e 12 anos sobre a importancia que teñen os ríos nos ecosistemas e as consecuencias de posibles desbordamentos- como a colocación de paneis informativos para concienciar a cidadanía sobre os perigos e implicacións das Arpsi e informar das medidas preventivas e pautas de actuación en caso de se producir algunha inundación.

Desde o ano 2023 esta acción chegou a máis de 10.000 escolares e permitiu a instalación de preto de 260 paneis informativos. A previsión é continuar nos próximos anos con esta campaña para chegar aos 108 concellos que contan con algunha Arpsi no caso dos obradoiros en centros educativos e a un total de 41 municipios -os que están nas áreas con maior risco- e arredor de 600 paneis instalados.

Todo este labor conflúe nun obxectivo común, o de anticiparse aos riscos, e son o resultado da toma de decisións baseadas en datos fiables, un coñecemento técnico avanzado e a análise rigorosa do territorio. Neste proceso xoga un papel fundamental un modelo integral de predición e apoio á decisión desenvolvido nos últimos anos por Augas de Galicia, que combina a medición en tempo real, ferramentas operativas de alerta temperá, a modelización avanzada e a cooperación institucional para reforzar a seguridade da poboación e garantir unha xestión sustentable e eficiente da auga.

Alerta temperá

A base deste sistema é a rede oficial de medición e control hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que permite coñecer en tempo real o comportamentos dos ríos e a evolución dos caudais, cun investimento anual de arredor de 500.000 euros. A esta infraestrutura engádese o sistema de alerta temperá Merlin, optimizado nos últimos meses cun investimento de 600.000 euros e que permite anticipar tanto a evolución dos ríos como a extensión de potenciais inundacións, incluíndo os efectos da marea nas zonas costeiras.

Nesta liña, Augas de Galicia traballa xa en melloras no eido da predición coa posta en marcha do proxecto Aquatwin, que vai permitir contar cun xemelgo dixital das bacias hidrográficas que integrará datos históricos e en tempo real. Esta iniciativa, que contará

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cun orzamento de arredor de 3 millóns de euros, suporá un paso decisivo na capacidade de simular escenarios complexos, avaliar o impacto das presións humanas e ambientais nas contornas fluviais e apoiar a toma de decisións estratéxicas, optimizando a planificación das actuacións no dominio público hidráulico e o uso dos recursos públicos.

Todas estas ferramentas e actuacións desenvolvidas para unha correcta xestión dos recursos fluviais buscan consolidar un modelo que constrúe territorios máis seguros, resilientes e preparados para os retos climáticos do futuro, como pode ser o caso recente de Carballo, que viu como as obras executadas no seu núcleo urbano permitiron poñer fin aos episodios de asolagamentos rexistrados no pasado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREAMÁ O REXISTRO DE AUTORIZACIÓNS E CONCESIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE PARA CONSOLIDAR A XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL GALEGO

- O Consello tomou hoxe razón da publicación da consulta pública previa que servirá para determinar o alcance do decreto que creará ese innovador rexistro
- O obxectivo é garantir unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa
- Este novo instrumento administrativo actualizarase de oficio, será accesible por parte da cidadanía e susceptible de emitir certificacións sobre o seu contido
- A creación deste rexistro reforzará o proceso impulsado polo Goberno galego para a simplificación e axilización dos procedementos na xestión do litoral

A Xunta de Galicia avanza na creación do Rexistro de concesións e autorizacións no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) para consolidar a xestión integrada do litoral galego e garantir unha maior transparencia e seguridade xurídica a todas as persoas, sectores e administracións con implicación nos usos e actividades que se desenvolven na costa.

Deste xeito, o Consello tomou hoxe razón da publicación da consulta pública previa que servirá para determinar o alcance do decreto que creará ese innovador rexistro público. A previsión é que estea á disposición da cidadanía e entidades interesadas no Portal de transparencia da Xunta a partir de mañá, martes, 24 de febreiro, e permanecerá aberto durante un mes. Este proceso participativo busca que as persoas, centros directivos e entidades interesadas presenten as súas achegas e suxestións en relación coa regulación desta ferramenta.

Este rexistro, cuxa creación está prevista na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, ten como obxectivo contribuír a acadar unha xestión da costa eficiente, transparente e segura.

Deberán inscribirse neste novo instrumento administrativo os títulos e as súas modificacións, así como os seus pregos de condicións, de ser o caso. Actualizarase de oficio e terá carácter público, polo que será accesible á cidadanía. Ademais, será susceptible de emitir certificacións sobre o seu contido, o que contribuír á garantir a transparencia e a seguridade xurídica.

Simplificación administrativa

A creación deste rexistro reforzará o proceso de simplificación e axilización efectivas dos procedementos de obtención de títulos habilitantes no litoral. En concreto, xa puxo en marcha un formulario único para tramitar todas as solicitudes relacionadas coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obtención de títulos de intervención tanto no dominio público marítimo-terrestre coma na zona de servidume.

A maiores, prevé aprobar nos vindeiros meses o decreto que regulará o procedemento integrado e unificado para os títulos habilitantes –autorizacións, concesións e declaracións responsables- en DPMT e zona de servidume. Con esta nova normativa, entre outros aspectos, as autorizacións sectoriais autonómicas son substituídas por informes preceptivos vinculantes, intégranse os trámites de avaliación ambiental e amplíase o ámbito de aplicación das declaracións responsables.

Cómpre lembrar que Galicia asumiu o pasado 1 de xullo o autogoberno pleno sobre o seu litoral co traspaso das funcións e servizos nesta materia. Desde entón, a Xunta tramita expedientes de concesión e solicitudes para obter autorización para instalacións, actividades, eventos e servizos de tempada na zona de dominio público marítimo-terrestre.

Neste tempo, a Xunta avanzou moito e xa desenvolveu entre os novos expedientes de DPMT e os de servidume de protección un total de 920 autorizacións, declaracións responsables, concesións e informes, un ritmo que demostra que Galicia sabe asumir competencias con eficacia e seguridade xurídica

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A NOVA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR COORDINARÁ RECURSOS E ACCIÓNS ENTRE ADMINISTRACIÓNS PARA OFRECER UNHA RESPONSA MÁIS RÁPIDA E EFECTIVA

- A Xunta porá en marcha esta rede en colaboración coa Fegamp, a Fiscalía e os corpos e forzas de seguridade do Estado
- Rueda salienta a máxima do Goberno autonómico de “tolerancia cero” ante calquera tipo de conduta contraria á convivencia no eido escolar
- Destaca que o obxectivo da Rede é incrementar a cooperación en tarefas de sensibilización, prevención, formación e denuncia, cun apoio conxunto e compartindo boas prácticas
- A través desta rede establecerase un seguimento sistemático e continuado de posibles casos coa implicación activa tamén dos servizos municipais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello deu o visto e praxe a asinar nos vindeiros días un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para crear a Rede de concellos contra o acoso escolar que permitirá “reforzar a cooperación das administracións” á hora de sensibilizar, previr, formar e resolver posibles casos de acoso escolar.

Rueda salientou que o Goberno autonómico traballa coa máxima de “tolerancia cero” ante calquera tipo de conduta contraria á convivencia no eido escolar. Nesta liña, lembrou que o Goberno galego leva anos traballando en prol da convivencia nos centros escolares, cun amplo abano de iniciativas que se foron intensificando nos últimos cursos e que se reflicten en actuacións específicas como o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar, a actualización do protocolo que se debe seguir nestes casos, “a prohibición do uso dos móbiles nos recintos escolares, a instalación de puntos laranxa, a ferramenta Termómetro Acoso Escolar” ou o Plan de benestar dixital, entre outros.

A posta en marcha da Rede suporá un paso máis no obxectivo prioritario da Xunta de Galicia de abordar a prevención do acoso escolar desde unha perspectiva integral e colaborativa de todos os axentes implicados e que abranguen administracións públicas, institucións, centros educativos, docentes, familias e os propios alumnos.

Estrutura e funcións

A rede centrará a súa actuación en catro eixos principais: a sensibilización, a prevención, a formación e a denuncia. A través dela poderán artellarse recursos entre a Administración autonómica e as entidades locais, compartir boas prácticas e ofrecer un apoio coordinado tanto aos centros como ás familias e ao alumnado, garantindo unha intervención máis rápida e efectiva ante posibles casos de acoso escolar.

Estará estruturada en dous órganos, que serán o pleno e as comisións provinciais e, través dela, establecerase un seguimento sistemático e continuado dos posibles casos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incorporando unha perspectiva territorial que garanta a implicación activa de todos os actores responsables a nivel local mediante os servizos que prestan os concellos.

Entre as súas funcións estarán desempeñar labores de observación, análise, asesoramento, seguimento e difusión de información sobre o acoso escolar, apoio aos concellos adheridos na elaboración de programas e accións para a prevención e intervención, desenvolvemento de plans de formación para o persoal dos concellos adheridos, difusión de iniciativas e actuacións de éxito, ser punto de referencia e consulta para os concellos que precisen orientación na xestión destes casos e fortalecemento da capacidade dos concellos para intervir de maneira máis precisa e coordinada.

Prevención, detección e abordaxe

Ademais do convenio de colaboración coa Fegamp, establecerase un marco de acordo coa Fiscalía Superior de Galicia e cos corpos e forzas de seguridade do Estado, que tamén cooperarán nesta nova rede.

Así pois, esta rede vai ter unha importancia estratéxica na medida en que facilitará o traballo conxunto cos distintos concellos de Galicia para abordar de forma integral, coordinada e eficaz as situacións de acoso que se poidan producir.

Neste senso, o obxectivo final é fortalecer a colaboración entre as institucións e entidades para previr, detectar e abordar os casos de acoso e ciberacoso no ámbito escolar. Ademais, actuarase de forma preventiva para garantir o benestar e o desenvolvemento integral do alumando galego nun clima de convivencia positiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA ESTA SEMANA AS OBRAS PARA CONVERTER O EDIFICIO A GOTA DE LEITE EN VIGO NUN NOVO ESPAZO INTEGRAL DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

- O investimento total superará os 1,5 millóns de euros, incluídas as obras e todo o que ten que ver co funcionamento dos servizos
- Destina máis de 570.000 euros en ampliar a escola infantil actual e en dotalo dun novo Punto de Encontro Familiar (PEF)
- A reforma do inmobile completárase coa creación dunha unidade de atención temperá e postemperá

O Goberno galego licitará esta mesma semana as obras de mellora do edificio A Gota de Leite en Vigo para convertelo nun novo espazo integral de atención ás familias. O orzamento base desta licitación é de algo máis de 570.000 euros e o prazo de execución previsto é de seis meses a partir do inicio dos traballos, segundo un informe da Consellería de Política Social e Igualdade sobre este proxecto que avaliou hoxe o Consello da Xunta.

Esta licitación afecta, principalmente, á actual escola infantil e ao novo Punto de Encontro Familiar (PEF) co que contará o inmobile. Deste xeito, o Executivo autonómico pon en marcha un ambicioso proxecto que culminará coa creación dunha nova unidade de atención temperá e postemperá. O investimento total nesta intervención, incluídas as obras e todo o que ten que ver co funcionamento destes servizos (equipamento, persoal, mantemento, etc.) calcúlase que superará os 1,5 millóns de euros.

As obras que agora se sacan a contratación permitirán ampliar a escola infantil que xa existe no edificio en dúas unidades máis, que supoñen 30 prazas a maiores para chegar a un total de 132. Tamén se adecuarán os espazos desta infraestrutura para que poida albergar o Punto de Encontro Familiar (PEF) que na actualidade está emprazado no barrio de Lavadores. Con este traslado, o servizo estará situado nun lugar máis céntrico, mellor comunicado e contará cunhas instalacións de máis calidade.

A actuación completárase coa creación dunha nova unidade de atención temperá e postemperá, a primeira da rede pública, na que se atenderá a nenos de ata 12 anos.

A Xunta, coa materialización deste proxecto, garante que o edificio manteña a súa histórica vocación social, desde que dúas entidades (Casa Caridade e a Xunta de Protección de Menores) fundaron A Gota de Leite a principios do século pasado. Ademais, posibilitáase que o inmobile estea dedicado a recursos públicos que xiren arredor da familia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA QUE A XUNTA RESOLVEU XA 1.150 INCIDENCIAS NAS ESTRADAS POR MOR DOS TEMPORAIS

- O titular do Executivo galego sinala que “é unha prioridade” garantir a seguridade dos preto de 5.500 km cos que conta a rede viaria autonómica
- O Consello da Xunta deu conta do Informe sobre incidencias polos sucesivos episodios de borrascas, entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro
- Tal e como lembrou Rueda, a maior parte das incidencias xa foron resoltas e está en proceso a reparación dos noiros desprendidos nas autovías do Morrazo e do Val Miñor
- As actuacións centráronse na limpeza de auga na calzada, desprendementos ou árbores caídas, no arranxo de anomalías na drenaxe ou nos pavimentos e en tarefas de vialidade invernal como os tratamentos antixeo e a retirada de neve
- Dada a extensión da rede viaria autonómica existen 7 áreas na comunidade e en cada unha opera un contrato de conservación para a vixilancia permanente das estradas e a realización das actuacións necesarias
- O Goberno galego destina este ano á conservación das estradas unha partida histórica de 71,5M€, o investimento máis elevado ata a actualidade neste eido
- A Xunta ten activo o Plan de vialidade invernal desde o 1 de novembro ata o 30 de abril, no marco do cal se realizaron xa 233 operacións
- O Executivo autonómico desenvolve un plan de inspección e conservación de estruturas e obras de paso, cun orzamento de 13M€ para os vindeiros 4 anos

O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que a Xunta resolveu 1.150 incidencias nas estradas autonómicas por mor dos temporais, tal e como recolle o *Informe sobre as incidencias producidas na rede viaria a causa dos sucesivos episodios de borrascas*, no que tamén se recollen 233 operacións relacionadas coa viabilidade invernal. Rueda, que lembrou que a rede viaria autonómica conta cunha extensión de case 5.500 km, sinalou que “garantir a súa seguridade é unha prioridade”.

O documento hoxe avaliado no Consello da Xunta detalla as incidencias rexistradas nas estradas autonómicas no período comprendido “entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro”, intervalo en que tiveron lugar reiterados episodios de climatoloxía adversa.

Tal e como sinalou Rueda, “a práctica totalidade destas 1.150 incidencias xa foron resoltas”. Entre as intervencións efectuadas destacan, por unha banda a limpeza de restos nas vías, como auga na calzada, desprendementos ou árbores ou pólas caídas e, por outra banda, o arranxo de anomalías na drenaxe ou nos pavimentos. Ademais, tamén se levan a cabo tarefas de vialidade invernal, que inclúen os tratamentos preventivos antixeo e a retirada de neve.

Dada a extensión da rede viaria autonómica, case 5.500 km, existen 7 áreas na comunidade e en cada unha opera un contrato de conservación para a vixilancia permanente das estradas e a realización das actuacións necesarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na área de Pontevedra sur contabilizáronse 196 incidencias e foron necesarias 18 operacións de vialidade invernal, e en Pontevedra norte houbo 145 incidencias e 19 procedementos de vialidade invernal.

Na área da Coruña sur, o informe recolle 155 incidentes e 13 operacións de vialidade invernal, e na da Coruña norte, 116 anomalías e 11 procedementos relativos a episodios de xeo e neve.

Na zona de Ourense, foron 237 as anomalías rexistradas nas estradas e leváronse a cabo 77 actuacións de vialidade invernal.

Na área de Lugo sur, os profesionais de conservación atenderon 115 incidentes e 50 operacións de vialidade invernal, e na zona de Lugo norte, 186 anomalías nas estradas e 45 actuacións de vialidade.

Tal como se sinalou anteriormente, case todas as incidencias ocasionadas durante o período indicado foron xa solucionadas e só está en proceso de reparación un noiro inestable na PO-332, no punto quilométrico 8+500.

En relación coas vías de alta capacidade, tamén está a avanzar o proceso de acondicionamento tras o corremento de terras en Xalde, en Moaña, na autovía do Morrazo (AG-46), en que se prevé un investimento de case 780.000€.

Ademais, estase a acometer a reparación dun noiro na autovía do Val Miñor (AG-57), en Gondomar, cun custo estimado de case 110.000€.

Investimento histórico en conservación

Co obxectivo de poder manter unhas estradas seguras e dar resposta ante incidencias acontecidas por causas como estes últimos temporais, a Xunta vén blindando nos orzamentos as partidas necesarias para a conservación, unha materia prioritaria. Así, este ano o Goberno galego destina a este ámbito unha dotación histórica de 71,5M€, o investimento máis elevado ata a actualidade neste eido.

De xeito máis concreto, aumentaron significativamente as contías para tarefas fundamentais como a conservación ordinaria e a vialidade invernal, e tamén se reforzaron os recursos para outras liñas de actuación da Xunta, como o Plan de reforzos de firme, que conta con 27 M€ este ano.

Plan de vialidade invernal

Cómpre lembrar que a Xunta tamén mantén activo o Plan de vialidade invernal desde o 1 de novembro ata o 30 de abril, despregando os recursos materiais e humanos necesarios para garantir as condicións de vialidade na rede de estradas, que se poden ver dificultadas polas chuvias, o xeo ou a neve.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco deste operativo, distribuído nas catro provincias cos centros e recursos correspondentes, desenvólvense medidas preventivas para anticiparse aos problemas que poidan xurdir e accións curativas para incrementar a seguridade.

Así, por exemplo, ante a previsión de nevadas, procédese ao esparexemento de sal ou salmoira, ao control especial de zonas problemáticas, ou ao traballo con equipamentos con cuña quitaneves.

Inspección de estruturas e obras de paso

Por outra parte, a Xunta destina un investimento de máis de 13M€ á inspección e conservación de estruturas e obras de paso das estradas autonómicas para os vindeiros 4 anos.

O programa aplícase sobre todas as obras de paso da rede viaria autonómica (pontes, pontóns, pasarelas ou pasos inferiores). Unha vez realizada a inspección, no caso de ser necesario execútanse traballos como a substitución de apoios, de xuntas de dilatación, reparacións das drenaxes ou limpeza de paramentos.

Este sistema permite avaliar o estado destas estruturas, asegurar a seguridade sen riscos previsibles a curto prazo e priorizar no tempo, de maneira obxectiva, as actuacións de conservación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 90,2 M€ EN NOVO EQUIPAMENTO PARA AVANZAR CARA A UNHA ATENCIÓN PRIMARIA MÁIS RESOLUTIVA, MODERNA E PRÓXIMA AO PACIENTE

- Entre 2022 e 2025 destináronse 6,5 M€ á adquisición de 530 sistemas móbiles de medición de constantes e realización de probas de calidade a domicilio
- Para un mellor seguimento de pacientes crónicos, investíronse 31,6 M€ en máis de 455.700 sensores de glicosa e arredor de 19.500 kits para bombas de insulina
- Creáronse tres novas salas de raios, 26 foron renovadas e púxose en marcha unha unidade móbil de radiodiagnóstico, cun investimento de 3,2 M€
- Dotáronse os centros de saúde de 299 ecógrafos portátiles, por 4,9 M€, que apoian a toma de decisións clínicas e incrementan a capacidade de resolución da atención primaria
- Adquiríronse máis dun milleiro de holters para a monitorización ambulatoria da presión arterial por máis de 960.000 €
- Renováronse 84 equipamentos de tratamento dental por 1,2 M€
- O investimento responde ao compromiso da Xunta de mellorar a capacidade resolutiva da atención primaria, reforzar a seguridade e a calidade asistencial e reducir as demoras mediante tecnoloxía máis eficiente e actualizada

A Xunta, coa finalidade de avanzar cara a unha atención primaria máis resolutiva, moderna e próxima na sanidade pública, investiu 90.244.023,85 euros en novo equipamento e actuacións de transformación dixital nos centros de saúde nos últimos catro anos, de 2022 a 2025.

Así o recolle o informe presentado hoxe pola Consellería de Sanidade na reunión semanal do Goberno galego.

Materialízase, deste modo, o compromiso da Xunta dun investimento sostido no primeiro nivel asistencial e dunha modernización continuada do equipamento, orientada a tres obxectivos estratéxicos: mellorar a capacidade resolutiva da atención primaria, reforzar a seguridade e a calidade asistencial e reducir as demoras mediante tecnoloxía máis eficiente e actualizada.

O investimento efectuado distribuíuse en equipamento clínico-diagnóstico, en instrumental para a realización de procedementos, na renovación de dispositivos e dotación para novas necesidades asistenciais, con especial atención á equidade territorial e á priorización segundo necesidades (carga asistencial, obsolescencia, carteira de servizos e accesibilidade).

Por unha banda, no período de 2022 a 2025, a Consellería de Sanidade adquiriu 530 sistemas móbiles de medición de constantes e realización de probas de calidade a domicilio, por valor de 6.580.264,39 euros. Estes dispositivos, que se compoñen dunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tableta electrónica e os accesorios necesarios, permiten realizar na casa do paciente probas como electrocardiograma, medir o índice nocello-brazo ou espirometrías para medir a función pulmonar.

Do mesmo xeito, incorporáronse 580 analizadores sanguíneos "a pé de cama", por 1.626.240 euros, que permiten dispoñer de resultados de gasometría, proteína C reactiva ou hemoglobina glicosilada, evitando desprazamentos innecesarios. Isto beneficia especialmente os pacientes máis vulnerables e garante unha atención sanitaria segura e de calidade no propio fogar.

Estes dispositivos son empregados tanto polo persoal de enfermaría dos centros de saúde como polos 35 equipos de soporte de atención domiciliaria do Servizo Galego de Saúde, que desde a súa posta en marcha en decembro de 2022 ata decembro de 2025, xa realizaron máis de 196.000 consultas nas propias casas dos doentes.

Menor derivación ao hospital

Cun investimento de 2.877.204,55 euros, o Servizo Galego de Saúde creou salas de raios nos centros de saúde de Rianxo, Ortigueira e Pontedeume, ademais de renovar 26 do resto de Galicia.

De forma complementaria, por 369.655 euros, a Xunta adquiriu unha unidade móbil de radiodiagnóstico na Área de Santiago de Compostela, o que implica un investimento total neste ámbito de 3.246.859,55 euros.

A unidade móbil dá cobertura aos concellos de Ordes, Trazo, Frades, Tordoia, Mesía e Santa Comba e evita unha media de 100 desprazamentos á semana ao Hospital Clínico ou ao centro de saúde Concepción Arenal, en Santiago de Compostela, cando o médico de atención primaria precisa completar un diagnóstico mediante a realización dunha radiografía.

Desde a súa posta en marcha en 2024, realizou case 6.200 probas a preto de 5.700 pacientes do rural. No caso de Ordes e Santa Comba, foron realizados case 2.000 estudos en cada caso sen necesidade de que o paciente acudise a Santiago de Compostela.

Por outra banda, e nun contexto en que a ecografía é unha técnica cada vez máis utilizada para o apoio na toma de decisións clínicas, a sanidade pública incorporou 299 ecógrafos portátiles, por 4.917.084,30 euros. Desta forma, increméntase a capacidade resolutiva da atención primaria.

No marco do plan para potenciar o número de cirurxías menores que se resollen nos centros de saúde, mercáronse, entre outro equipamento, 104 bisturís eléctricos de baixa potencia, por 169.884 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para un mellor seguimento de pacientes crónicos como as persoas con diabetes, o Servizo Galego de Saúde investiu 31.569.104,47 euros en 455.708 sensores de glicosa e 19.495 kits para bombas de insulina.

Outro equipamento destacado para os centros de saúde que foi incorporado no período 2022-2025 foron 1.064 holters para monitorización ambulatoria da presión arterial, por 960.655,34 euros; 132 retinógrafos que permiten examinar a retina sen necesidade de dilatar a pupila, por 2.316.395 euros; e 339 monitores de desfibrilador con electrocardiograma integrado, por 1.250.669,31 euros.

Máis servizos nos centros de saúde

O Servizo Galego de Saúde foi pioneiro a nivel nacional ao incorporar persoal de nutrición e dietética na atención primaria. Para o seu traballo, o pasado ano foron adxudicadas 67 básculas de bioimpedancia para medir a composición corporal, por 729.386,79 euros, que proximamente serán recibidas. Este persoal, desde 2022 ata decembro de 2025, xa realizou máis de 636.000 consultas.

As unidades de saúde bucodental dos centros de saúde tamén foron actualizadas con 84 equipamentos de tratamento dental (unidade de tratamento, sistema de aspiración, compresor de aire e lámpada de polimerización), por 1.256.609,20 euros.

No referente ás unidades de fisioterapia, foron dotadas de 85 aparellos innovadores de diatermia, unha técnica de alta frecuencia que ten aplicación tanto analxésica como orientada á recuperación de lesións musculares. O seu custo ascendeu a 915.365 euros. Tamén se adxudicaron nos últimos meses 61 bicicletas estáticas por 64.952,80 euros, que se incorporarán ás unidades dos centros de saúde.

Este investimento en equipamento inclúe 291.646 euros destinados á formación en ecografía e ao reforzo da capacitación dos profesionais nos procedementos de cirurxía menor, en colaboración coa Axencia de Coñecemento en Saúde, que permitiu a certificación de 1.782 profesionais.

As melloras da atención primaria inclúen a instalación de 500 puntos de información multimedia, por 2.197.166,40 euros. Estes tótems intelixentes axilizan trámites administrativos xa que, sen acudir ao mostrador, permiten retirar o ticket da quenda e desenvolverán novas funcionalidades proximamente.

O volume de investimento en equipamento para os centros de saúde realizado no período 2022-2025 ascendeu a 69.444.023,85 euros.

De xeito paralelo, estanse a executar dous programas financiados pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: de transformación dixital da atención primaria e comunitaria, cunha dotación de 14,2 millóns de euros, e de transformación dixital personalizada, cunha dotación de 6,4 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes programas deberán estar executados en xuño de 2026 e inclúen, entre outras liñas estratéxicas, o desenvolvemento da versión 5 da historia clínica IANUS, o desenvolvemento dunha aplicación específica para o control e seguimento da diabetes, o uso de algoritmos de intelixencia artificial para o diagnóstico de patoloxías como a diabetes ou a análise de imaxes médicas en atención primaria (radioloxía, oftalmoloxía, dermatoloxía...) ou novas canles de comunicación por videoconferencia coa cidadanía.

En consecuencia, considerando de forma conxunta o investimento en equipamento e as actuacións de transformación dixital en marcha, o volume global de investimento destinado á atención primaria acada os 90.244.023,85 euros.

Este esforzo permite incrementar as prestacións no propio centro de saúde, mellorar a experiencia do paciente e facilitar o labor dos profesionais, avanzando cara a un modelo de atención primaria máis resolutiva, moderna e próxima.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU APOIO AO SECTOR VITIVINÍCOLA CON 6,7 M€ PARA ELABORAR E COMERCIALIZAR ESTES PRODUTOS E PROMOCIONALOS EN TERCEIROS PAÍSES

- Estas axudas da Consellería do Medio Rural beneficiarán 45 entidades, das cales 27 son da primeira liña, cun importe de máis de 5,4 millóns de euros, e as 18 restantes da segunda, con 1,27 millóns
- A maior parte das entidades beneficiaras nas dúas liñas de achegas están situadas nas provincias de Pontevedra e Ourense
- O obxectivo é mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade e promocionar o coñecemento das características e a calidade dos viños galegos
- O Goberno galego apoia o sector cun investimento anual de 12 millóns de euros, con axudas como a reestruturación e reconversión de viñedo ou as de conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, reforza o seu apoio ao sector vitivinícola cun investimento de máis de 6,7 millóns de euros para elaborar e comercializar estes produtos e promocionalos en terceiros países, chegando a beneficiar 45 entidades. Así o recolle un informe avaliado hoxe no Consello do Goberno galego sobre a convocatoria de 2025 destas dúas liñas de axuda, cuxas resolucións se publicarán mañá, 24 de febreiro, no *Diario Oficial de Galicia*.

As achegas para a elaboración e comercialización permitiron beneficiar 27 entidades, a maior parte delas nas provincias de Ourense e Pontevedra, cun orzamento de máis de 5,4 millóns de euros, para chegar a un investimento subvencionable de 18 millóns. Esta liña ten como obxectivo mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade.

Tamén contribúe a fomentar a certificación ambiental das empresas, propiciar a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e favorecer a innovación e a implantación de novos produtos. Ademais, impulsan o incremento da dimensión empresarial, potencian a participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor, impulsan os investimentos e comercialización e promoven a introdución das tecnoloxías dixitais.

Por outra banda, as axudas de promoción do sector vitivinícola en terceiros países contan con 18 entidades beneficiarias por un importe de 1,27 millóns de euros e un investimento subvencionable superior aos 2,5 millóns de euros. Estas achegas teñen como fin promocionar o coñecemento das características e calidade dos viños galegos para contribuír á mellora da súa competitividade.

Convocatoria de 2026

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No período 2018-2025, a Consellería do Medio Rural investiu case 40 millóns de euros para o desenvolvemento destas axudas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga). Neste sentido, as achegas para elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas dispuxeron dun orzamento de máis de 30,3 millóns de euros, e as de promoción do sector en mercados de terceiros países superaron os 9,6 millóns.

Cómpre engadir tamén que o pasado mes de decembro se publicou unha nova convocatoria das axudas destinadas á elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, correspondente ao ano 2026, cun orzamento de 5,5 millóns de euros. Isto amosa o compromiso do Goberno autonómico con este sector produtivo, que se consolida como un dos piares da economía da comunidade.

12 millóns anuais para o sector vitivinícola

A maiores destas dúas liñas de axuda, a Consellería apoia o sector do viño con outras accións, que fan que o apoio autonómico anual ascenda a uns 12 millóns de euros. Neste sentido, destacan as achegas para a reestruturación e reconversión de viñado, cuxa convocatoria de 2025 se resolveu o pasado 13 de xaneiro, con 132 viticultores beneficiados cun importe de 3 millóns de euros.

A isto é preciso engadir outras accións como as axudas para a conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra, xa convocadas este 2026 cun orzamento de 1,5 millóns. O sector, ademais, tamén conta con achegas para os consellos reguladores co obxectivo de facilitar a súa actividade ou impulsar programas de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PLATAFORMA TECNOLÓXICA PESQUEIRA, PIONEIRA EN ESPAÑA, CONSOLÍDASE COMO FERRAMENTA CLAVE NA DIXITALIZACIÓN DO SECTOR

- Impulsada por Mar en colaboración con Amtega, dá soporte aos procesos produtivo e comercializador, de xeito que cada ano permite a tramitación de 4 millóns de notas de primeira venda de pesca e acuicultura e 300.000 documentos telemáticos
- O pasado exercicio incorporou como novidades o servizo de documentación dos plans de xestión dos recursos marisqueiros e novos documentos destinados á produción
- Este sistema tamén foi decisivo para a preparación da campaña da mexilla 2025-2026

A Plataforma Tecnolóxica Pesqueira, impulsada pola Consellería do Mar en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) no ano 2004, estase a consolidar como unha ferramenta clave na dixitalización do sector. Así o revela o informe do que deu conta hoxe o Consello da Xunta e que recolle as actuacións rexistradas por este sistema en cada exercicio, poñendo en valor a súa funcionalidade en tanto en canto ofrece diversos servizos ano eido da produción e comercialización para apoiar a recollida de datos, facilitando así a xestión dos recursos pesqueiros e garantindo a súa trazabilidade, de acordo aos requisitos legais vixentes.

Esta ferramenta pioneira en España permite a tramitación cada ano de 4 millóns de notas de primeira venda de pesca e acuicultura e 300.000 documentos telemáticos. Na actualidade, conta con máis de 8.000 usuarios rexistrados.

Novidades 2025

Con esta finalidade, a Plataforma Tecnolóxica Pesqueira incluíu o pasado ano como novidades a posta en marcha dun sistema para documentar a información dos plans de xestión dos recursos marisqueiros e recursos específicos por parte dos biólogos encargados desta tarefa, así como tres documentos novos destinados á produción: o de envío ao punto de control empregado en plans de percebe para amparar o transporte do produto desde a zona de recolla ata o punto de control, que expediu máis de 6.000 no 2025; os de trazabilidade denominados declaración de traslado, usados para amparar o aviveiramento de determinadas especies de xeito previo á descarga na busca dun mellor prezo na comercialización, e do que se emitiron máis de 4.000; e o de preparación da campaña da mexilla 2025-2026, na que foi preciso adaptar as ferramentas existentes para dar cobertura ás novas necesidades desta campaña primeira na que a declaración telemática da recolla é obrigatoria.

Neste último caso, ademais, preparouse o sistema para a declaración de captación en cordas colectoras (ordinarias e extraordinarias) e tamén para recoller a información da recolla realizada no marco das confrarías de pescadores en base aos seus acordos con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

asociación de produtores.

Trátase, por tanto, dun sistema que non só contribúe a profesionalizar o sector, senón que tamén mellora a calidade de vida dos traballadores, contribúe á xeración de emprego e ao mantemento do existente e impulsa a innovación.